


A loita contra as minas chega ao Parlamento de Galicia e á Unesco

Tras acadar a suspensión de proxectos mineiros como o de Corcoesto ou o da Limia, a Plataforma contraMINAcción seguiu co seu traballo de oposición a un xeito de explotar a terra con enormes impactos socioeconómicos negativos, moitas veces irreversibles. Un exemplo ben gráfico desta ameaza é o mapa que se pode ver na páxina web da Cámara Mineira de Galicia e que publicamos nesta portada. Todas as áreas encadradas en verde ou vermello son zonas afectadas por proxectos mineiros, o cal demostra ás claras que boa parte do territorio galego está ameazado dun xeito ou doutro pola minaría.

Para pór cinto ao acaparamento de boa parte do noso territorio pola industria mineira, contraMINAcción mantivo encontros con tódolos partidos políticos do arco parlamentario galego, a maiores de Compromiso por Galicia. Nestas xuntanzas, presentóuselles unha táboa reivindicativa de cara a que a incorporen nos seus programas de goberno. A maiores, dende o SLG, aproveitando a nosa pertenza aos consellos reitores das reservas da biosfera Terras de Miño e Ancares Lucenses, solicitouse a petición de informes ao Consello Científico do Comité Español do Programa MaB (Programa sobre o Home e a Biosfera da Organización das Nacións Unidas para a Educación, Ciencia e Cultura -UNESCO-, no que están incluídas ambas reservas).

Páxs. 8 a 10



A Vía Campesina artella a escala global a defensa das sementes labregas

Nos últimos tempos, multiplicáronse os movementos das multinacionais, a través de diversas iniciativas gubernamentais, para facerse co control das sementes e, por ende, da alimentación. A lexislación comunitaria ao respecto ou a tentativa de legalizar as sementes transxénicas Terminator no Brasil son bos exemplos.

Contra isto, a Vía Campesina está a liderar un movemento global para que os labregos e labregas sigan a ter o dereito milenario de cultivar e conservar as súas propias sementes con iniciativas na ONU ou seminarios como os que se celebraron, recentemente, en Zimbabwe (África) e Gaillac (Francia).

Páxs. 20-21 e 32



Edita: Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García Rodríguez

Consello Editorial:

Isabel Vilalba Seivane, Tareixa
Ledo Regal e Xabier Gómez
Santiso.

Colaboracións: Conchi Mogo,
Xabier Gómez Santiso, Brais
López, Margarida Prieto,
Gumersindo Campaña, Belén
Fervenza, Carme Cabarcos e
Bernardo Estévez.

Deseño e maquetación:

Xosé García Rodríguez

Sede da redacción:

Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela
Tlf: 981 554 147
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23, 15705,
Meixónfrío. Santiago de Compostela.
Tlfno. 981 554 147

COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixónfrío. Santiago de Com-
postela. Tlfno. 981 588 532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D

Tlfno. 981 508 177

SANTA COMBA - Aula nº 9 do Edificio

Multiusos. Tlfno. 699 924 632

ORDES - R/ Alfonso Senra 117. Ordes

Tlfno. 981 682 908

BETANZOS - R/ Cruz Verde 7 - Esquina

praza Dona Agueda. Tlf: 981 773 377

TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º

esq / Tlfno. 981 789 781

MOECHE - Casetas da feira de Moeche.

Tlfno. 698 125 154

VALDEORRAS - Praza do Concello,

Edificio sindical 2, 1º. 32300, O Barco.

Tlf. 988 321 511 / Fax: 988 326 723

VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,

Galerías Maga Tlf. 988 590 438;

Fax 988 590 439

RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.

Tlf. 988 477 230 Fax. 988 477 230

XINZO - Rúa San Sebastián, 16 – baixo

Tlf. 988 462 547

LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tlf. 982 231154

SARRIA - Bar Adaxa. R/ Calvo Sotelo

nº133. Sarria (27600) Tlfno. 679 457 264

CHANTADA - R/ Emilia Pardo Bazán 11,

baixo. Tlf / Fax: 982 440 804

A FONSAGRADA Bar A Lúa. R/ Rosalía

de Castro nº16. Tlfno. 698 157 379

RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.

Tlf/Fax. 982 130615

LOURENZÁ - Avda. Fernández Del Riego,

5 – 1º C. Tlf. 982 12+6

VILALBA - Rúa do Cuartel 1 ent. A.,

estrada de Meira. Tlf. 982 512 431

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño

Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331 714

A ESTRADA - R/ Gradín nº 1, baixo

Tlf/Fax 986 573232

LALÍN - R/ Monte Faro nº 28. Baixo.

Tlf. 986 792 268

SILLEDA - Av. do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580 526

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal

1ºA, 1ºC. 986 641 508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edif. Ros-

ales. Tlf. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Riba-

dumia. Tlf. 986 718 526

2 / Opinión

EDITORIAL

Unha reforma da Lei do Solo

Galiza é un dos países con menor super-
ficie agraria útil (SAU) da Unión Eu-
ropea. A SAU da que dispoñen as
explotacións galegas é de 647.598 hectáreas e
non chega ao 22% do noso territorio; isto con-
trasta coa SAU do Estado Español no seu con-
xunto, que ocupa case o 50% e é a segunda en
extensión da Unión Europea, sendo superada
só por Francia. No podio
dos países comunitarios con
máis superficie agraria útil
seguen Alemaña e o Reino
Unido, en terceiro e cuarto
lugar, respectivamente.
Tampouco quedamos moi
ben diante das recomen-
dacións da Organización
das Nacións Unidas para a
Agricultura e a Alimenta-
ción (FAO), que recomenda
que cada país teña, como
mínimo, o 33% do seu terri-
torio dedicado á produción
de alimentos.

O feito de que as tres
máximas potencias econó-
micas europeas -Francia,
Alemaña e Reino Unido- es-
tean nos primeiros postos
de superficie agraria útil da UE, debería facer
reflexionar aos e ás tecnócratas que levan dé-
cadas gobernando Galiza e que relacionaron,
dende sempre, a agricultura co atraso. As súas
políticas ao longo dos últimos anos para mo-
dernizar o noso medio rural provocaron o
peche de decenas de miles de explotacións,
someteron aos nosos sectores agrogandeiros a
unha reconversión e endebedamentos brutais e
provocaron a desertización e envellecemento

agudos das nosas parroquias.

Un dos principais síntomas das desastrosas
políticas agrarias practicadas na Galiza durante
os últimos anos foi a dificultade crecente para
que as explotacións poidan acceder a base terri-
torial para desempeñar a súa actividade. O in-
cumprimento xeneralizado das leis que pro-
texen a terra agraria coa complicidade mani-

ifesta da Xunta de Galicia,
fixo do noso solo agrícola
unha terra sen lei na que
calquera podía facer o que
lle petase sen a máis mí-
nima consecuencia: dende
plantar eucaliptos onde es-
taba prohibido facelo até
construír parques eólicos.
A consecuencia é que, a día
de hoxe, moitas explota-
cións teñen serios proble-
mas para facer rendible a
súa actividade, precisa-
mente, por falla de terras.
O medre exponencial dos
custes de produción, espe-
cialmente nos pensos e
concentrados para alimen-
tación animal, fai cada vez
máis necesario que as ex-

plotacións gandeiras produzan as súas propias
forraxes. Pero téñeno difícil.

Con estes vimbios, sería lóxico agardar que
a Xunta desenvolvese políticas orientadas ao
cumprimento das leis que protexen o solo
agrario, perseguindo actividades ilícitas como
as forestacións ilegais; ou que facilitase o acceso
á terra a aquelas explotacións que teñen un dé-
ficit deste recurso. Si, sería lóxico agardalo, pero
non vai ser así. Máis ben, todo o contrario. De

*“De saír cara a adiante esta nova
Lei do Solo, as empresas
mineiras e enerxéticas poderán
facer e desfacer ao seu antollo en
terras até agora protexidas polo
seu valor agropecuario. Minas
contaminantes a ceo aberto,
plantacións intensivas de
eucalipto con ciclos curtos de
tala, forestacións que deixarán
de ser ilegais, cultivos para
producir celulosa e carburantes...
E todo para lucro dunhas poucas
empresas e para ruína das
persoas que aínda apostamos por
ter no rural o noso
medio e lugar de vida”*

para que a nosa terra deixe de ser nosa

feito, a Xunta vén de presentar un novo proxecto de Lei do Solo que simplifica a anterior para facela máis áxil. Esta nova lei seica “busca potenciar o medio rural como territorio xerador de riqueza e atractivo para vivir, e incorpora achegas na loita contra o feísmo e de adaptación á paisaxe”, ao tempo que desaparece o solo clasificado como de especial protección agropecuaria. Pensando mal, semella que a Xunta pretende converter o noso medio rural nun lugar idílico para facer turismo ou de dormitorio dos traballadores e traballadoras das vilas. Polo menos, iso é o que se desprende dunha diagnose que pon como principais problemas do campo o feísmo e a paisaxe. É dicir, para a Xunta os problemas do agro galego non son económicos nin estruturais; pola contra son, simplemente, unha mera cuestión estética.

Se só fose iso, non sería preocupante en tanto non considerasen “feas” as actividades agrogandeiras. Pero a liberalización do solo agrario que pretende levar a cabo a Xunta agacha unha realidade máis terrible: destruír calquera tipo de protección para que as industrias especulativas coa terra campen ás súas anchas no noso país. De saír cara a adiante esta nova Lei do Solo, as empresas mineiras e enerxéticas poderán facer e desfacer ao seu antollo en terras até agora protexidas polo seu valor agropecuario. Minas contaminantes a ceo aberto, plantacións intensivas de eucalipto con ciclos curtos de tala, forestacións que deixarán de ser ilegais, cultivos para producir celulosa

e carburantes... E todo para lucro dunhas poucas empresas e para ruína das persoas que aínda apostamos por ter no rural o noso medio e lugar de vida.

Lonxe de ser unha ameaza que paira sobre os labregos e labregas, é un desafío temerario que bate de cheo coa integridade do pobo galego. Se a Xunta permite que o solo agrario se destine a fins especulativas que, en moitas ocasións, rematan coa fertilidade da terra para cultivar; se lle nega ás nosas explotacións o acceso a máis base territorial e compromete a que dispoñemos na actualmente: De que nos imos alimentar os galegos e as galegas? De eucaliptos? De pedras e metais? De agrocarburantes? De celulosa? Imos investir boa parte da riqueza que xera o noso país en importar a nosa alimentación de fóra?

Con esta reforma da Lei do Solo, négaselle a Galiza o dereito a producir os seus propios alimentos e se lle rouba a soberanía para facelo; con esta Lei do Solo, deixaremos que unhas poucas industrias esquilmen as nosas terras e leven tódolos beneficios para as contas bancarias dos seus accionistas, deixándonos só unha terra erma e unha dependencia permanente do exterior para poder alimentarnos que só pode xerar máis pobreza. Un prezo demasiado caro e insumible para Galiza que, dende logo, non imos consentir dende o Sindicato Labrego Galego.



O 18 de decembro de 2010, no contexto da presentación do libro de Tareixa Ledo Regal "Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable", a que fora secretaria xeral do SLG vaticinaba no seu discurso o que hoxe coñecemos como Lei de Seguridade Cidadá. Naquela data, Lidia Senra criticaba a decisión do Goberno de Zapatero pola que se decretaba o estado de alarma diante da folga de controladores aéreos. Con este decreto permitíase que o exército cuestionase o dereito constitucional á folga de traballadores e traballadoras. Deste xeito, Senra adiantábase aos tempos que viñan de represión multiplicada en menoscabo dos dereitos das persoas, e preguntábase como reaccionaría o Goberno hoxe de facerse unha tractorada como as que se facían nos anos 80 con amplo apoio da cidadanía. A resposta veu dada agora pola aprobación, por parte do Consello de Ministros e Ministras, da Lei de Seguridade Cidadá, mellor alcumada Lei Mordaza. Unha tractorada, con cortes das vías públicas non autorizados, podería implicar multas de até 30.000 euros a cada labrego ou labrega participante só por obstaculizar unha pista; se pensan que non identificarse diante das autoridades, ou cubrir o rostro para non ser recoñecido, serviría para zafarse do castigo, cómpre saber que ambos actos tamén poden ser penados con 30.000 euros cada un. Dificilmente unha persoa que queira exercer o seu dereito a manifestarse o fará nestas circunstancias.

Disposto a facer memoria, lembro un altercado



Lei Mordaza: o máis caro é calar

por Xosé García

entre a policía e os produtores e produtoras de pataca da Limia nos arrabaldes de Ourense, o 4 de febreiro de 2003. Medio cento de tractores viñan dende Compostela, tras pasar a noite en Silleda, para protestar polos prezos miserables que os almacenistas pagaban polo seu produto, pero as forzas de seguridade impedíronlles entrar na Cidade das Burgas. Cando os tractoristas pediron explicacións, a policía comezou a mallar neles. Ao final, dous labregos feridos acabaron no hospital e detiveron ao compañeiro Xosé Manuel Puga. O cruce de acusacións entre sindicalistas e policía rematou nun xuízo no que ningunha das partes foi condenada; nin a policía nin o SLG recorremos a decisión xudicial. Coa actual Lei de Seguridade Cidadá non faría falla o xuízo: os labregos e labregas recibirían automaticamente unha sanción de até 30.000 euros sen que mediase a sentenza dun xuíz ou dunha xuíza. Conflitos míticos como o das Encrobas terían acabado igual con esta lei, con sancións de até 30.000 euros a cada persoa participante nos altercados coa Garda Civil. Ambas loitas implicaron desobediencia á autoridade e hoxe poden ser sancionadas con multas entre os 1.000 e os 30.000 euros.

Moitas das mobilizacións que nos últimos anos puxeron en xaque aos gobernos de Aznar ou de Rajoy, están agora tipificadas como faltas moi graves, con multas de até 600.000 euros (si, a cifra non está trabucada: 100 millóns de pesetas). Por exemplo, as manifestacións contra a participación de

España na

Guerra de Iraq que se convocaron xusto despois dos atentados do 11 de marzo de 2004, en plena xornada de reflexión dunhas Eleccións Xerais, entraría dentro desta categoría. Participar nas protestas que, nos últimos tempos, arrodearon o Congreso; ou apoiar a unha familia desafiuzada cando a policía vén botala da súa vivenda, pódelle custar 30.000 euros tamén. Acampar na Porta do Sol ou no Obradoiro como fixo o Movemento 15M tamén pode saír caro: 1.000 euros.

O Goberno do PP ten unha finalidade moi clara con esta lei: amordazar á cidadanía e impedir que exerza o seu dereito lexítimo a protestar ou desobedecer diante da inxustiza e dos atropelos que perpetrán día si e día tamén. O PP cúrase en saúde e prevé mellorar o seu xeito de reprimir no futuro tras comprobar que a rebelión continúa a pesares dos gases lacrimóxenos, das pelotas de goma e das porras. E se o fai así, é porque pretende seguir na mesma liña de desmontar e malvender o estado de benestar que tantos anos e sacrificios levou construír. Quere que fiquemos calados e caladas mentres recortan e privatizan a sanidade, o ensino e o sistema público de pensións; mentres as empresas mineiras e enerxéticas esquilman o noso territorio e as industrias alimentarias e distribuidoras seguen a extorsionar aos labregos e labregas impoñendo prezos de miseria, ao tempo que regan con millóns de euros dos nosos impostos aos poderes financeiros que nos desafiúzan. Pois vai ser que non. Non conseguirán calarnos diante da inxustiza. Porque se eles encarecen o dereito a protestar coa súa miserable Lei Mordaza e as súas desprezables multas, nós sabemos que non protestar e ficar calados e caladas pode saír moito máis caro aínda, vendo todo o que nos xogamos.



A Xunta privatiza as masas comúns das concentracións parcelarias da Baña

Unha empresa da Coruña sen vinculación coa agricultura fíxose con 10 hectáreas das mellores fincas

O 12 de novembro, celebrábase a cuarta poxa de fincas pertencentes ás masas comúns das diversas concentracións parcelarias que se teñen feito na Baña dende finais dos anos 50. Estas terras,

que eran propiedade da Cámara Agraria Local, sumaban algo máis de 30 hectáreas e comezaron a venderse en outubro de 2012 nun proceso iniciado pola Consellaría de Facenda. As mellores

fincas vendidas, que eran xestionadas polas parroquias e utilizadas por explotacións que as alugaban a baixo prezo, foron adquiridas por empresas foráneas sen vinculación coa agricultura.

O Sindicato Labrego Galego foi crítico dende o comezo con este proceso, xa que as masas comúns derivadas das concentracións parcelarias son terras que foron cedidas pola veciñanza afectada para permitir a construción de infraestruturas e servizos ás fincas e, polo tanto, deberían seguir cumprindo unha finalidade que redundase en beneficio da propia veciñanza. Aínda que pertencían á Cámara Agraria Local, o uso destas terras era xestionado polas asociacións veciñais cada parroquia, que as alugaban ás explotacións gandeiras da zona a prezos baixos, proporcionándolles un doado acceso a unha base territorial extra. Ademais, eses alugueiros revertían nas propias parroquias, que os utilizaban para investimentos necesarios como o mantemento dos locais sociais e outro tipo de obras.

Por desgraza, agora estas masas comúns están sendo privatizadas nun proceso de poxa sen ningún tipo de esixencia, por parte da Xunta de Galicia, para que a terra siga a ter a vocación agraria e social que tiña. Os temores do Sindicato Labrego Galego víronse confirmados ao ver entre os poxadores a executivos de traxe e maletín competindo polas fincas en representación de varias empresas. A falla de coñecer os resultados oficiais das vendas de onte, os da segunda poxa, celebrada en xaneiro de 2013, foron máis que



As mellores terras das masas comúns das diversas parcelarias da Baña pertencen agora a empresas sen vinculación co sector agropecuario. Na imaxe, vista aérea da parroquia de Suevos, unha das máis afectadas

significativos: só nesa ocasión, unha única empresa con sede na cidade da Coruña, que nada ten que ver con actividades agrogandeiras, adquiriu a terceira parte das terras licitadas ao facerse con seis das fincas máis grandes. En total, 97.374 m² repartidos nas parroquias de Suevos, Lañas e Barros, mercados por pouco máis de 60.000 euros que, con toda probabilidade, ficarán vedados para as explotacións gandeiras da zona.

Esta cifra se incrementou moito coa poxa do 12 de novembro, a tenor das adquisicións realizadas polos “executivos de traxe e maletín”, que tamén se centraron en adquirir as fincas máis grandes. Os gandeiros da zona que participaron na poxa non tiveron nada que facer, xa que os prezos manexados non podían ser asumidos por explotacións que só necesitan a terra para uso agrario e non para especular con ela.

O afán recadador da Xunta imponse ás políticas de apoio ás explotacións

Nesta poxa das masas comúns das concentracións parcelarias da Baña, de novo puido máis o afán recadador da Xunta que traballar a prol do noso medio rural. Se a Xunta quixese apoiar con estas fincas a actividade agrogandeira e as parroquias da Baña, só tiña que devolverlle esas terras ás parroquias ás que pertencen para que seguisen tendo o uso agrario e social que estaban a ter. Por desgraza, iso xa non poderá ser, e nin as explotacións bañenses poderán seguir traballando esas fincas, nin as parroquias se beneficiarán da súa xestión.

Trátase dun suma e segue na posición desta Xunta de Galicia, que deixa totalmente desprotexidas e ao alcance da depredación especulativa as terras agrarias do noso país. Deste xeito, terras de labor que deberían gozar da máxima protección e ter prohibido calquera uso distinto ao agrario ou á produción de alimentos, están hoxe inzadas de piñeiros e eucaliptos ou de parques eólicos para lucro dunhas poucas empresas papeleiras ou enerxéticas.

Os erros no PXOM de Pol ameazan a actividade labrega no municipio

O SLG presentou alegacións para que o plan xeral non poña atrancos ao desenvolvemento do medio rural

O Sindicato Labrego Galego, a través da súa coordinadora na comarca de Meira, Begoña Sobrado Morán, rexistrou no Concello de Pol un documento con varias alegacións orientadas a mellorar a redac-

ción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) en defensa das actividades agrogandeiras e para preservar e garantir o seu desenvolvemento no futuro. E é que o estudo sobre medio rural deste plan

de urbanismo utiliza datos que pouco teñen que ver coa realidade e que, mesmo ás veces, reflicten unha realidade máis propia dunha Galiza de mediados do século pasado que da actual.

En primeiro lugar, o plan exposto non permite coñecer a porcentaxe de superficie que fica como Solo Rústico de Protección Agropecuaria (SRPAG); parécenos de gran importancia que se teñan en conta eses datos, dado que a principal actividade do concello é a gandería de vacún de leite, e debería protexer e asegurar superficie suficiente para manter unha carga gandeira viábel dende o punto de vista económico e medio ambiental.

Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), en Pol no ano 2011 había 11.122 cabezas de bovino, que poderíamos aproximar a 10.000 unidades de gando maior (UGM). Cunha carga gandeira de 2 UGM por hectárea, que é a esixida polas normas de condicionalidade para poder acceder ás axudas Política Agraria Común, deberían destinarse máis de 5.000 hectáreas a SRPAG. Segundo os datos do IGE de 2009, en Pol había xa 4.921 hectáreas de prados e terras de labor, polo que o PXOM debería catalogar como SRPAG máis de 5.000 hectáreas se o concello quere manter a base territorial das explotacións e unha previsión para a futura ampliación da mesma.

Ademais, dende o SLG insóluselle ao concello a articular mecanismos de protección da terra agraria para evitar que o solo agrario sexa invadido por cultivos enerxéticos leñosos, fundamentalmente plantacións de eucalipto de ciclo curto para abastecer centrais de biomasa. Para o SLG, este tipo de culti-



Pol está entre os 5 concellos galegos con máis bovinos por habitante, mais para o gabinete técnico que redactou o estudo sobre medio rural do PXOM deste concello, a porcina é a principal cabana gandeira (fotomontaxe)

vos deberían ficar relegados a solos forestais e prohibidos en terras agrarias.

■ Maior protección fronte aos plantíos forestais

Outra das eivas do PXOM ten que ver coa protección das terras agrarias con respecto ás plantacións forestais. Para o SLG, o PXOM debe establecer distancias de protección entre os cultivos forestais e as terras de labor e núcleos habitados. A proposta do SLG é que, tendo en conta o risco de incendio que presentan especies como o eucalipto e o piñeiro, debería haber unhas distancias de seguridade entre as plantacións destas árbores e as vivendas de 75 metros respecto de casas illadas e de 100 metros respecto dos núcleos de poboación. En canto á protección do solo

agrario, as plantacións forestais limítrofes con terras de labor deberían ter autorizados só traballos de mantemento e roza,

de maneira que non se permita volver a plantar árbores nesas parcelas agrícolas nin o rebrote de plantóns

Moitas vivendas fican fóra dos núcleos rurais previstos

A diferenciación entre solo forestal e de protección agropecuaria que contempla o PXOM debería revisarse, porque se encontran discrepancias en zonas amplas respecto dos usos que certifica o Sistema de Identificación de Parcelas Agrícolas (SIX-PAC) das mesmas. Así, descubrimos casos de zonas agrícolas de sempre, con terras arables ou praderías, que aparecen no PXOM como solo forestal. Isto provoca unha diminución do solo rústico de produción agropecuaria que afecta á base territorial das explotacións agrarias.

Dende o SLG, tamén chamamos a atención sobre a definición dos núcleos rurais, que deixan fóra moitas vivendas. Entendemos que o núcleo propiamente dito debe circunscribirse onde a concentración de vivendas sexa maior, pero a área de expansión do mesmo debería abranguer as casas dispersas, procurando que queden dentro do núcleo ou da área de expansión a maior parte posible.

Un concello no que predomina a cría de porcos e o cultivo do trigo e do centeo

Unha das eivas que máis chama a atención, no “Estudio del medio rural” que inclúe a empresa redactora do PXOM, é a enorme cantidade de datos erróneos que, cun mínimo de rigor se tería solucionado. Segundo o estudo de Monsa Urbanismo, empresa redactora do PXOM, Pol sería un municipio no que os cultivos máis destacados son o trigo e o centeo e a súa principal cabana gandeira a porcina. Só con consultar os datos publicados e de doado acceso do IGE, podemos saber que, en 2011, Pol tiña 300 reprodutoras de porcino fronte a 11.122 bovinos; tamén nos di o IGE que, en 2012, plantáronse en toda a comarca de Meira 17 hectáreas de cereais para gran, fronte a 6.630 hectáreas de cultivos forraxeiros coma o millo. En canto á cabana gandeira que hai no municipio, nin se nomea o número de reses.

Se cos animais non dan as contas, coas persoas menos. O estudo utiliza datos de 2003 e fala dunha poboación en Pol de 2.022 habitantes, mentres que os datos do IGE referentes a xaneiro 2012 falan de 1.794. Segundo o estudo de Monsa, as persoas menores de 15 anos en Pol “non chegan ao 16%”, o cal non deixa de ser certo, pois este grupo de idade só representa o 7’36% da poboación. Partindo dun estudo tan deficiente coma este, cuxos datos corresponden moitas veces aos dunha Galiza de mediados do século pasado, mal se pode planificar o futuro do medio rural do concello de Pol.



Mobilizacións masivas contra os recortes e a privatización da sanidade

As políticas de recortes do Servizo Galego de Saúde (Sergas) volveron provocar multitudinarias protestas cidadás. O 10 de decembro, o persoal do Sergas facía unha folga que foi secundada por máis do 80% dos traballadores e traballadoras da sanidade pública. A maiores, milleiros de persoas se manifestaron para apoiar esta folga nas principais vilas galegas con centros hospitalarios: ademais de habelas nas sete cidades galegas, houbo mobilizacións tamén en Burela, Monforte, O Barco

de Valdeorras, Ribeira, Vilagarcía de Arousa e Cee.

Ademais dos recortes, tamén se denunciou a privatización paulatina da sanidade pública, que se está comezando a ver na xestión por empresas da plataforma lóxística do Sergas, cocinas, lavanderías, mantemento ou raios. Ademais, o Sergas comezou a derivar doentes de xeito masivo cara á sanidade privada mediante a Lei de Garantías, que permite solicitar de xeito individual unha intervención cirúrxica nunha clínica privada cando

a espera na pública supere os 140 días.

En palabras do portavoz de SOS Sanidade Pública, Manuel Martín García, plataforma organizadora das mobilizacións que apoiamos dende o Sindicato Labrego Galego, esta folga xeral da sanidade foi “un enorme éxito” e “pode ser un punto de inflexión nas políticas de desmantelamento e privatización da sanidade pública galega, ao forxar a alianza entre cidadáns e profesionais en defensa do sistema público”.



O curso desenvólvese na Aula Cemit, cedida polo concello de Sarria

Sarria: a informática como novo apeiro para as explotacións

O SLG organizou en Sarria, en outono, un curso de informática orientado á actividade agrogandeira. Os e as quince participantes adquiriron noções para utilizar o correo electrónico, tramitar altas e baixas de animais a través de Internet ou acceder a portais como o de Identificación de Parcelas Agrícolas (SixPac).

ContraMINAcción leva as súas demandas aos partidos políticos

Presentou unha táboa reivindicativa de 13 puntos nunha rolda de contactos con PP, PSdG, CxG, BNG e AGE

A plataforma contraMINAcción mantivo, a finais do mes de novembro, cinco xuntanzas cos partidos e formacións políticas con maior representación na Galiza. Así, o día 22 fíxoo con Compromiso por Gali-

cia (CxG) e o Partido Socialista (PSOE); e o 29 co Partido Popular (PP), Bloque Nacionalista Galego (BNG) e Alternativa Galega de Esquerdas (AGE). A intención destes encontros foi a de trasladarlles aos

políticos e políticas unha táboa reivindicativa de 13 puntos para que sexa incluída nos seus programas co obxectivo de salvagardar o noso territorio da rapina e destrución da minaría salvaxe.

A Plataforma cidadá ContraMINAcción fai as seguintes propostas aos representantes dos partidos políticos, desexando que as incorporen en sucesivos programas electorais e que, neste momento xa, promovan e presenten iniciativas parlamentarias con vías ao seu cumprimento:

1. Protexer a saúde humana e os seus sistemas de vida: auga, aire e solos, por enriba de calquera proposta de actividade económica.

2. Establecer por lei a prioridade dos usos alimentarios da terra e as augas sobre calquera outro uso. Non se contemplará a excepcionalidade a esta prioridade en ningún artigo, apartado ou anexo de ningunha lei.

3. Establecer un mínimo de territorio reservado para usos alimentarios, e blindalo de maneira legal, sen excepcións.

4. Estimular desde os poderes públicos mediante políticas deseñadas a ese efecto, os usos sustentables da pesca, o marisqueo, a gandería, a agricultura e a silvicultura no territorio galego. Evitarase, nesta liña, o fomento de actividades pesqueiras ou marisqueiras que non permitan a recuperación das poboacións, os monocultivos enerxéticos e transxénicos, así como as plantacións forestais masivas con especies alóctonas ou pouco axeitadas á zona e que supoñan un risco de incendio.



5. Prohibición de novos proxectos mineiros en Galiza e revisión do cumprimento estrito da normativa ambiental e de uso do solo para os existentes.

6. Prohibición do uso do cianuro na minaría. O seu efecto tóxico para os ecosistemas acuáticos e terrestres, para os seres humanos e os seus animais domésticos e para os cultivos mariños está amplamente documentado e demostrado.

7. Prohibición do uso do fracking polos seus impactos sobre a auga, sobre a estabilidade das rochas e dos elementos que estas conteñen e sobre a actividade sísmica.

8. Rexeitamento do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza e realización dun novo que teña en conta as premisas anteriormente citadas como punto de partida.

9. Incluír, xunto coa restauración do entorno de explotacións mineiras abandonadas, plans de restauración social nos proxectos mineiros que sigan en activo.

10. Vixilancia especial e moi estrita das actividades de extracción de recursos de orixe xeolóxica, tanto as relacionadas con minerais metálicos e non metálicos como coas rochas e de todas aquelas obras públicas ou privadas que supoñan un impacto grave ao territorio e ás persoas que o habitan.

11. Revisión e modificación das leis con normativa mineira para que se adecúen ao proposto anteriormente. Por exemplo: na Lei do solo habería que eliminar os artigos que consideran a minaría uso autorizable en determinados solos de protección.

12. Retirar subvencións, incentivos e outras medidas de fomento dos proxectos mineiros. Na investigación debe prevalecer o financiamento a proxectos baseados nun uso sustentábel de recursos renovábeis, redución dos requirimentos materiais da economía, e á reutilización e reciclaxe.

13. Para toda oferta de financiamento e proposta de proxecto de explotación, produción ou de obra pública ou privada que afecta a unha comunidade débense ampliar os prazos de solicitude de información e facilitar o acceso a esta, con exposición dixital e descarga web. A xente afectada deberá ser informada directamente e ter información visible que será difundida en xornais de grande tirada. Tamén deben dispor dun técnico especialista para atender dúbidas durante o proceso de alegacións.

Compromiso por Galicia (CxG)

A primeira das xuntanzas tivo lugar coa formación política Compromiso por Galicia (CxG), que estivo representada polo seu secretario xeral, Xoan Bascuas; e por Rocío López Pacio, integrante do Consello Político Nacional deste partido.

Logo de analizar a táboa reivindicativa presentada por ContraMINAc-

ción, Xoán Bascuas e Rocío López Pacio manifestaron a súa total concordanza coas demandas presentadas. Tamén nos fixeron saber que Compromiso por Galiza ía elaborar un posicionamento público para apoiar a folla de ruta contra a minaría salvaxe defendida polos colectivos que integramo ContraMINAcción.



Partido Socialista de Galicia (PSdG)

A xuntanza foi con Carmen Gallego, vicevoceira de Medio Ambiente, e Abel Losada, voceiro de industria no grupo parlamentario do PSdG, que se amosaron en desacordo con algunhas das demandas de ContraMINAcción. Así, rexeitaron o punto 5 da táboa, que pedía a prohibición de novos proxectos mineiros na Galiza e a revisión dos

xa existentes; e o 12, que pide retirar as subvencións e incentivos económicos públicos ás prospeccións e proxectos mineiros, como os 153.000 euros que vén de levar a Cámara Oficial Mineira de Galicia. Respecto do Plan Sectorial de Actividades Extractivas, dende o PSdG só o apoiarán se a Xunta fai modificacións substanciais do mesmo.

Partido Popular (PP)

Este encontro mantívose cos deputados populares, Miguel Tellado e Aurelio Núñez. Dende ContraMINAcción denunciáronse as accións políticas da Xunta encamiñadas a eliminar os obstáculos legais que existen para impedir que as empresas mineiras saqueen o noso territorio ao seu antollo, como o Plan Sectorial de Actividades Extracti-

vas ou a modificación que se quere levar a cabo da Lei do Solo, que deixan indefensos o solo de especial protección agropecuaria, os espazos de interese natural ou os recursos hídricos, diante de actividades destrutoras e especulativas a curto prazo como a minaría. Tellado e Núñez limitáronse a escoitar e trasladar as propostas.



Bloque Nacionalista Galego (BNG)

No encontro co Bloque Nacionalista Galego (BNG) -representado por Xavier Vence (portavoz nacional), Ana Pontón (deputada) e Saleta Chao (membro da Executiva)- analizouse a proposta que esta formación política presentou no Parlamento de Galicia, a finais de novembro, para prohibir o uso de cianuro en explotacións minei-

ras, e que foi rexeitada pola maioría absoluta do Partido Popular.

Dende o BNG, amosáronse de acordo coa visión global da táboa reivindicativa de ContraMINAcción e acordaron debatela nos seus órganos internos. como a Executiva ou o Consello Nacional, antes de incorporala ao seu programa.

Alternativa Galega de Esquerdas (AGE)

Pola súa banda, representaron a Alternativa Galega de Esquerdas (AGE) o seu voceiro, Xosé Manuel Beiras, o deputado Antón Sánchez García e o activista Manuel Santos. Os representantes de AGE amosáronse preocupados polo acaparamento de terras a mans de empresas que operan a curto prazo e que, como as mineiras, non

teñen nada que ver co rural e deixan o territorio inservible para outros usos. Analizáronse datos como o feito de que Galiza gaste cada ano máis de 900 millóns de euros en importar alimentos, mentres as súas explotacións teñen problemas de acceso a base territorial. AGE tamén aceptou defender as demandas de ContraMINAcción.





A coordinadora da loita contra as minas no SLG, Margarida Prieto, estivo na xuntanza de decembro do órgano de participación de Terras do Miño (primeira pola esquerda) e nas charlas sobre os proxectos mineiros que afectan a Deza, Tabeirós-Terra de Montes e O Carballiño (imaxe da dereita)

O SLG presentou, a finais de decembro, senllos escritos diante dos órganos reitores das reservas da biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses en relación a proxectos mineiros que afectan a estes espazos protexidos. Con ambos documentos, buscou a implicación, como parte interesada, do Consello Científico do Comité Español do Programa MaB (Programa sobre o Home e a Biosfera da Organización das Nacións Unidas para a Educación, Ciencia e Cultura -UNESCO-, no que se inclúen as reservas da biosfera).

No caso da **Reserva da Biosfera dos Ancares**, dende o SLG recordóuselle ao órgano reitor que existen varios permisos de investigación para proxectos mineiros auríferos, en tramitación ou caducados, que afectan a este territorio e que, en breve, poden saír a concurso ou ser prorrogados.

Diante disto, o SLG instou ao consello reitor da Reserva da Biosfera dos Ancares a solicitar información sobre a tramitación dos expedientes ás administracións responsábeis das concesións, que son a Consellaría de Industria na Galiza e ao Principado de Asturias; e que, se o ve pertinente, que se presente nestes procesos do mesmo xeito que o fixo en setembro con Lago II (proxecto de Goldquest Ibérica que afecta a máis de 11.000 hectáreas de A Fonsagrada, Baleira,

O SLG implica á UNESCO na loita contra as minas en Lugo

Baralla e Becerreá), e solicite informes ao Consello Científico do Comité Español do Programa MaB. Finalmente, tamén se lle pregunta ao consello reitor de Ancares se encargou informes sobre o Plan Sectorial de Actividades Extractivas e, en caso de non telo feito, instaselle a que o faga.

En canto á **Reserva da Biosfera Terras do Miño**, está afectada por tres concesións mi-

neiras á empresa Erimsa para extraer cuarzo nos termos municipais de Abadín, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza, Vilalba e Riotorto, afectando a 5.700 hectáreas. O SLG lembroulle ao consello reitor que a Declaración de Impacto Ambiental destes proxectos non incluía un informe da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Por iso, na instancia presentada, pedíuselle ao consello

reitor que solicite unha copia completa do expediente das tres concesións con vistas a que o Consello Científico do Comité da MaB emita informe *"abordando a posibilidade de solicitar a nulidade das tres concesións por clara vulneración do procedemento legalmente establecido, ao omitirse trámites esenciais que vician o procedemento e rematan na adquisición de dereitos sen as debidas garantías"*.

A minaría tamén ameaza Tabeirós-Terra de Montes, Deza e O Carballiño

O Sindicato Labrego e a Asociación Verbo Xido deron, o pasado 16 de novembro, unha charla informativa sobre os proxectos mineiros que ameazan parroquias dos concellos de Forcarei e Beariz como Presqueiras, Xirarga e Rubillón. O acto serviu tamén para conversar sobre outros proxectos, a maiores, que afectan a municipios das comarcas de Deza, Tabeirós-Terra de Montes e O Carballiño.

Un dos temores máis grandes da veciñanza afectada ten que ver co impacto que tería a actividade mineira sobre os recursos hídricos da zona, xa que as minas precisan utilizar cantidades inxentes de auga. Ademais, a utilización de maquinaria pesada e a utilización de explosivos contribuirían a aumentar os efectos negativos da explotación mineira.

Na actualidade, solicitáronse permisos de investigación para 5 proxectos mineiros nesta

zona que afectarían a un total de 11.590 hectáreas. O maior dos proxectos é o Vilatuxe 3.129, solicitado en 2011 e pendente de resolución, que afecta a 7.650 hectáreas dos concellos de Forcarei, Silleda e Lalín. Ademais, tamén afectan a Forcarei, Cerdedo, Beariz, A Lama e Avión os proxectos Alberta 1 e 2, que abranguen en conxunto 6.491 hectáreas.

Coma sempre, as empresas solicitantes son estranxeiras. No caso do proxecto Alberta, trátase de Solid Mines, filial española da compañía canadense de con sede en Vancouver, Solid Resources LTD, que quere explotar minerais como tantalio, estaño ou litio nunha área de 11 quilómetros entre os núcleos de Presqueiras, Correa, Doade, Coto-Tocaio, Acebedo, Rubillón e Taboazas (pertencentes aos concellos de Forcarei, Beariz e Avión), nunha zona que se inclúe na Rede Natura 2000.

Os concellos comezan a retirar as bonificacións do IBI ao medio rural

A falla de ingresos por licenzas de obras urbanísticas fai que recorran a este imposto para recadar máis cartos

O Imposto dos Bens Inmóveis (IBI) é unha taxa que cobra cada concello e grava, fundamentalmente, fincas e edificacións que se atopan no termo municipal. Entra as edificacións atópanse tamén as instalacións agrícolas, gandeiras e forestais. O que non sabe moita xente é que existen bens que están exentos de pagar o IBI, ou que os concellos poden aplicar voluntariamente reducións do importe a pagar que, no caso das granxas, poden chegar ao 90% do imposto. De actualidade está a retirada desta bonificación no concello de Ordes, contra as que recorreu o SLG.

Entre as exencións de pagar o IBI ás que nos referimos, existen varias que están directamente relacionadas co medio rural. Son as seguintes:

■ Os montes veciñais en mancomún.

■ As superficies forestais poboadas con especies arbóreas de medre lento, regulamentariamente determinadas, e destinadas a producir madeira ou cortiza.

■ Os conxuntos históricos protexidos. Neste suposto, estarían exentos de pagar o IBI aqueles inmóveis que se atopan en conxuntos histórico-artísticos, teñen máis de 50 anos e están catalogados como de especial protección. Incluiríase dentro desta categoría calquera casa que

teña elementos protexidos, como escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e demais pezas semellantes de interese histórico-artístico cunha antigüidade superior aos 100 anos; dentro desta última categoría entrarían tamén os hórreos e os cabazos.

■ Teñen dereito a un 95% de bonificación da cota íntegra do IBI, os bens rústicos de cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra.

A maiores, existen bonificacións que non son obrigatorias e que dependen, unicamente, da vontade política do goberno municipal en cada concello. Neste senso, é im-



O Concello de Ordes reducirá, progresivamente, a bonificación do IBI no medio rural

portante lembrar que se lle pode aplicar até un 90% de bonificación da cota íntegra

do IBI aos bens inmóveis situados en zonas que se correspondan con asentamentos de poboación singularizados por estar vinculados a actividades primarias do sector agrícola, gandeiro ou forestal; e que teñan un nivel de servizos municipais, infraestruturas ou equipamentos colectivos inferiores aos existentes noutras áreas consolidadas dese mesmo municipio.

Boa parte do medio rural galego entraría dentro desta última categoría, pois a inferioridade de servizos e equipamentos das parroquias con respecto aos núcleos urbanos é algo xeneralizado, o mesmo que a preeminencia da actividade agrogandeira e forestal como medio de vida.

O SLG rexeita a aplicación do IBI ás instalacións agrogandeiras de Ordes

O goberno municipal de Ordes aprobaba en pleno, o pasado 14 de novembro, a aplicación do IBI ás instalacións agrogandeiras. A aprobación desta medida fíxose con nocturnidade, premeditación e aleivosía, ás 8:30 da mañá, mentres as familias damnificadas realizaban o muxido matinal das súas facendas.

Como as desgrazas nunca veñen soas, a imposición do IBI faise despois dunha revisión dos valores catastrais dos inmóveis que provocou aumentos desorbitados das taxa-

cións, as cales redundarán directamente no incremento deste imposto. Que o concello suavice o seu impacto cunha redución gradual da bonificación do 10% anual, non fai que a medida sexa menos inxusta.

Dende o SLG avogamos pola aplicación e mantemento da bonificación do 95% do IBI que permite a lei, xa que as actividades agrogandeiras son das máis castigadas por todo tipo de custes e taxas que, directa ou indirectamente, minúan os beneficios da profesión agraria e poñen en perigo a súa viabilidade.

Nun contexto no que os custes de produción da actividade agraria non paran de medrar, moitas veces pola aplicación de impostos indirectos (gasóleo, electricidade, IVE, etc.), o Concello de Ordes faille un fraco favor ás explotacións do municipio, cuxas rendas se verán máis mingüadas coa aplicación do IBI.

A escusa do concello é que ten dificultade técnica para aplicar a bonificación do IBI ás construcións gandeiras porque moitas aparecen valoradas xunto coa vivenda. Isto suporía, segundo o concello,

ter que aplicarlle bonificación tamén á vivenda, causando un prexuízo ás familias que non teñen explotación.

É dicir, coa escusa de non prexudicar a unha minoría, prexudícase á maioría: o 42'09% da poboación de Ordes vive directamente do sector primario.

Ademais, as instalacións agrogandeiras concéntranse na zona rural, con moitos menos servizos e infraestruturas que a vila, feito que constitúe outro dos supostos que contempla a lei para aplicar a bonificación do 95% do IBI.

Campaña para fomentar a compra pública de alimentos na Galiza

Veterinarios sen Fronteiras e SLG promoven cunha xornada que a Administración comece a mercar produtos locais

A Xunta de Galiza ten orzamentado só para este curso case 29 millóns de euros para comedores escolares, e iso cando vén de impoñer o copagamento neste servizo para poder darlle una retallada máis

ao noso sistema educativo. Moitos deses cartos van para grandes empresas de catering ou se gastan, maioritariamente, en mercar os alimentos a almacenistas que sempre optan polos produtos máis bara-

tos sen ter en conta a súa procedencia, impacto medioambiental ou frescura. Nin que dicir ten que destinar unha parte importantes destes cartos a mercar alimentos locais sería un revulsivo para o agro.

A alternativa pasa por que a administración comece a mercar os alimentos para escolas, hospitais, centros penitenciarios, etc, con criterios como a eliminación de intermediarios, a aposta polos produtos frescos e de tempada ou a elección das explotacións locais á hora de facer esa compra. Son moitos millóns de euros que poderían supor un revulsivo para o noso medio rural e o medio ambiente en troques de selo para a contabilidade dunhas poucas empresas.

Disto e moito máis se falou e debateu na xornada sobre compra pública que organizaron o Sindicato Labrego Galego e Veterinarios sen Fronteiras (VSF), o pasado 8 de novembro, en Compostela. A primeira parte da xornada estivo centrada en intervencións como a de **Xavier Gómez**, de VSF, que presentou o estudo "Compra pública en sistemas alimentarios globais. Impactos sociais, ambientais e económicos".

Xavier Gómez revelou que as diversas administracións do Estado están a gastar cada ano entre 2.000 e 3.000 millóns de euros en mercar alimentos, a metade dos cales acaban nas arcas de 9 grandes empresas de catering, das cales dúas -Serunion e Eurestcompass- se levan o 21% do total despois de pasar por unha cadea comercial na que habitualmente hai seis intermediarios entre quen produce o alimento e quen o consume.

Antón Lois, de Amigos da Terra, tamén foi moi crítico con este sistema de produción de



Isabel Vilalba Seivane (SLG), Chefa Fernández (Terras de Compostela), Xabier Gómez (VSF) e Quique Outes (SLG) inauguraron a xornada

"As diversas administracións do Estado están a gastar cada ano entre 2.000 e 3.000 millóns de euros en mercar alimentos, a metade dos cales acaban nas arcas de 9 grandes empresas de catering"

alimentos, de grande impacto ecolóxico e responsable do 35% da emisión de gases de efecto invernadoiro. Un bo exemplo disto é o consumo de carne de porco e de polo no Estado español, que chega a absurdos como producir a mesma canti-

dade de polos e porcos para exportar que despois importa para consumir.

Pola súa banda, a secretaria xeral do SLG, **Isabel Vilalba**, denunciou que o meirande dos recursos públicos en forma de compra de alimentos ou axudas á agricultura, acaban apoiando un sistema de produción do que se lucran grandes distribuidoras e industrias alimentarias, con marxes de beneficios abusivas. Estas marxes só son posibles mantendo os prezos en orixe a niveis que nin sequer cobren os custes de produción, cun impacto que se traduce nunha sangría na que miles de explotacións pechan cada ano e condenan ao noso medio rural á desertización.

18 produtores e produtoras de Lentura fornecen 5 centros escolares

No capítulo das alternativas, falou a xerente do GDR Terras de Compostela, **Chefa Fernández**, cuxo traballo co sector hortofroiteiro está a demostrar que os intereses dos labregos e labregas pasan por producir alimentos de calidade e vender en circuitos curtos e mercados de proximidade.

Neste senso, unha experiencia de grande interese foi a exposta por **Xan Carlos Carreja**, do grupo **Lentura**, que é unha asociación de 18 produtores e produtoras de Rois, Dodro, Ames e Brión que puxeron en práctica a venda de alimentos á administración. Na actualidade, Lentura vende a cinco centros escolares de Ames, en mercados e a cooperativas e grupos de consumo responsable.

Finalmente, a vicerresponsable do sector hortofroiteiro do SLG, **Belén Fervenza**, expuxo as conclusións dun estudo que fixo sobre a compra pública de alimentos en Vigo e Redondela.

Rematada esta parte expositiva, o resto da xornada foi un intercambio de experiencias e propostas entre o medio cento de persoas que participaron e cuxas conclusións publicamos na táboa da seguinte páxina.



Unha das pezas clave da xornada sobre compra pública de alimentos foi a participación activa das persoas asistentes, tanto nas diversas charlas como á hora de consensuar a folia de rota para avanzar neste eido na Galiza

Aspectos positivos da compra pública de alimentos en clave de soberanía alimentaria

- Fortalece a economía local
- Asenta poboación e promove o desenvolvemento rural
- Promove as comunidade rurais ou áreas locais dende o punto de vista social, medioambiental, paisaxístico e cultural.
- Crea emprego local (directo e indirecto).
- Recupera a identidade territorial e cultural.
- Revaloriza o rural.
- Reduce o impacto ambiental da nosa alimentación.
- Abre unha canle de comercialización importante para labregas e labregos.
- Mellora a rendibilidade das persoas labregas garantindo prezos xustos.
- Constrúe unha relación máis próxima entre produtoras / produtores e consumidoras / consumidores
- Asegura produtos frescos e de calidade para consumidoras/es e dá máis control ás persoas consumidoras sobre a súa alimentación.
- Mellora a calidade na alimentación das nenas e nenos.
- Garante a seguridade alimentaria.
- Mellora as relacións interpersoais e de confianza entre produción e consumo e abre vías de cooperación e colaboración.
- Dignifica as persoas, tanto labregas como consumidoras, e a alimentación.
- É posible e necesario.

Pasos que podemos ir dando nesa dirección

- Autoformarnos no tema.
- Concienciar sobre a calidade da produción local.
- Concienciar dende cada unha/un de nós aos diversos sectores sociais.
- Informar e difundir entre os axentes implicados.
- Buscar o compromiso da administración.
- Fomentar os encontros de intercambio e traballo e crear espazos de comunicación e participación.
- Xerar redes de produtoras e produtores.
- Apoiar a produtores e produtoras para que opten por esa vía.
- Artellar modelo e protocolos de actuación que faciliten os acordos entre a produción e o consumo.
- Traballar a educación dende as familias: sensibilizar ás ANPAS.
- Facer campaña con persoas profesionais da hostalaría.
- Adaptar os circuitos curtos á vida de hoxe en día (custe-comodidade).
- Lanzar campañas nos medios de comunicación.
- Manifestarse e posicionarse abertamente a favor dos circuitos curtos de comercialización.
- A moeda social como posible instrumento.

A defensa do ensino público como sostén do medio rural galego

A Mesa Galega da Educación no Rural presenta unha serie de demandas contra 70 anos de marxinación escolar

O pasado 27 de novembro, a Mesa Galega de Educación no Rural (MGER) presentaba, en Compostela, un documento en defensa dun ensino público de calidade e universal no noso campo. A

MGER está integrada polos movementos de renovación pedagóxica galegos (Asociación Socio Pedagóxica e Nova Escola Galega), sindicatos do ensino (CIG, CCOO, CSIF, STEG, UXT) e a

Asociación Antonio Gandoy (antigo Preescolar na casa). Para elaborar o documento final presentado, contaron tamén con asociacións de pais e nais, profesorado e especialistas.

O SLG coincide tanto na diagnose que denuncia unha "asfixia da educación no medio rural inserida no mesmo proceso de desmantelamento que está a padecer o campo no seu conxunto", como na táboa reivindicativa condensada no Plan de educación específico para o rural que defende a MGER. Por iso, o SLG apoiou publicamente a presentación deste documento que, ademais de facerse en Compostela, tamén se realizou en Lugo, o 11 de decembro.

De seguido, publicamos un resume das principais demandas da MGER que veñen contidas no Plan de educación específico para o rural:

- Plan de desenvolvemento socioeconómico coordinado entre as distintas consellerías para frear e reverter o proceso de despoboamento do rural, fomentando actividades económicas que fixen poboación de forma estable, aproveitando os recursos da terra sen destruílos, e garantindo a oferta de servizos públicos á poboación rural (educación, sanidade, atención ás persoas dependentes, transporte, etc.).
- Dentro deste plan, poñer a andar un proxecto educativo específico axeitado ao medio rural, elaborado coa comunidade educativa e que responda ás necesidades reais actuais do mundo rural.
- Elaborar un mapa escolar galego que contemple para cada zona ou comarca unha rede educativa que inclúa



A Mesa Galega de Educación no Rural elixiu a Galería Sargadelos de Compostela para facer a presentación das súas demandas

todas as necesidades educativas desde 0 anos ata a idade adulta.

- Fornecer a todas as escolas rurais dos medios humanos e materiais precisos para unha educación de calidade.

- Reformular a atención educativa á etapa de 0 a 6 anos, integrando no sistema educativo o ciclo 0-3, entendendo que a atención educativa debe formularse dende unha perspectiva global e comunitaria coa familia, tomando como referencia o modelo que durante 36 anos desenvolveu o proxecto educativo Preescolar na Casa.

- Manter as escolas unitarias existentes.

- Acelerar a extensión da rede de colexios rurais agrupados (CRAs) ou promover outra forma de agrupamentos funcionais que garantan a dotación dos mesmos recursos.

- Asumir un novo modelo de escola heteroxénea en canto a niveis, un novo perfil de escola pequena e de centro adaptado ao rural cunha apropiada organización e unha debida dotación compensatoria de profesorado e de todo tipo de recursos pedagóxicos.

- Frear o peche de centros e a redución de unidades, co conseguinte desprazamento do alumnado ás concentracións escolares ou aos centros educativos das vilas e cidades próximas.

- Manter o Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) nos centros rurais.

- Adecuar a oferta formativa en Bacharelato e FP á realidade do contorno dos centros rurais.

- Dotar ás redes escolares dos medios económicos e de transporte necesarios.

- Estender o transporte gratuito a BAC e FP nos IES de zonas rurais.

- Manter a gratuidade dos comedores escolares para aquel alumnado que use o transporte escolar.

- Implicar ás universidades galegas nun plan formación inicial do profesorado que contemple especificamente a educación no medio rural.

- Promover a adaptación do currículo á realidade rural galega, integrando plenamente no día a día de todas as escolas a cultura popular e os saberes tradicionais en proceso de desaparición. Un especial compromiso requireo a dignificación e a recuperación da lingua galega.

- Abrir os centros ao seu contorno, fundamentalmente ao mundo labrego e mariñeiro, mediante saídas, intercambios ou outras actividades interactivas.

- Estimular a participación activa das familias na escola, a través do impulso a proxectos de comunidades de aprendizaxe, ou ben a través dos consellos escolares ou da organización que a propia comunidade escolar determine oportuna, entendendo como fundamental que a cultura familiar e veciñal estea presente na escola, para que sexa valorada e respectada, e para potenciar non só a autoestima do alumnado rural senón tamén do seu contorno, e desde aí fortalecer as redes sociais, laborais, etc. da aldea ou vila rural correspondente.

A volta á terra en 80 mundos

Cooperativa Zocamiñoca: consumindo a conciencia na Coruña

A conciencia e a consciencia sobre os alimentos que levamos á cesta da compra fixo que un grupo de dez persoas da cidade da Coruña se puxese a traballar; hai 5 anos, na constitución dunha coope-

rativa de consumo. Daqueles “frikis do supermercado que tardaban horas en seleccionar os produtos que mercaban” -en palabras de Marcial Branco Castelo, traballador e socio da Cooperativa

de Consumo Consciente Zocamiñoca-, pasouse a un proxecto que hoxe fornece 110 fogares da cidade herculina e os seus arrabaldes e lle merca os alimentos frescos a explotacións da bisbarra.

Se visitamos a web de Zocamiñoca, podemos comprobar que se define como “unha cooperativa de consumo responsable na cidade da Coruña. Unha entidade sen ánimo de lucro, un proxecto de economía social no que as persoas somos o máis importante”.

Pero, que é iso de consumo responsable? Explícanolo Marcial Branco: “No noso caso, para facer un consumo responsable, o primeiro que nos preguntamos é se realmente necesitamos mercar un determinado ben e, se é así, en que cantidade o imos consumir. Unha vez respondidas estas preguntas, queremos un produto que protexa o entorno natural, que non contamine no proceso de produción e o faga o menos posible no transporte ou no envasado, que manteña a biodiversidade, que non proveña de monocultivos que empobrecen a terra, que respecte aos traballadores e traballadoras que o producen cunhas condicións laborais e salarios dignos e, finalmente, que respecte ás persoas que consumimos ese produto: que sexa o máis san posible e que nos alimente. Ademais, queremos fomentar a economía local, polo que procuramos adquirir os produtos que consumimos o máis preto posible do lugar onde vivimos para fortalecer a economía do noso entorno, poder ter contacto directo coas persoas ás que lles compramos e contaminar o menos posible co transporte”.



Disto último, derívanse dúas das pezas chave desta cooperativa.

A primeira é a aposta pola produción local de alimentos. En total, son unhas 8 explotacións labregas dos arredores da Coruña as que lles fornecen de produtos como hortalizas e, a maiores, pequenas factorías artesás ás que lles mercan pan, doces, lácteos, etc.

A segunda é a aposta pola produción ecolóxica, aínda que non necesariamente certificada, pois para Zocamiñoca non hai mellor certificación que o contacto directo cos produtores e produtoras. En Zocamiñoca “confiamos máis en alguén que crea e practique unha filosofía ecolóxica de non contaminar a terra que en alguén que non profesa esas

ideas pero que che dá un certificado. Por iso, en produtos que non son frescos, non lles damos prioridade a empresas que comparten liñas de produtos ecolóxicos con outros convencionais e contaminantes, pois iso indica que producen en ecolóxico porque, para elas, é unha cota de mercado máis e non porque crean realmente no que venden. Por iso, interésanos coñecer os proxectos. Se son da zona, facéndolles unha visita; e senón, investigando a través de Internet ou preguntando a outros grupos de consumo”.

E como non só de pan viven o home e a muller, outra fronte importante de traballo en Zocamiñoca é o activismo e a formación. Neste senso, as persoas socias de Zocamiñoca

están organizadas en diversos grupos de traballo que se encargan de organizar actividades educativas, divulgativas e formativas tales como cursos de cociña vexetariana, saídas de campo para aprender a recoñecer as herbas comestibles do entorno, charlas sobre consumo responsable, etcétera; do mesmo xeito que participan en redes e campañas para sumar forzas na defensa dos obxectivos que persegue a cooperativa.

Ademais do consumo consciente e responsable expresado nos compromisos devanditos, en Zocamiñoca profesan principios como a economía e ecoloxía sociais, a soberanía alimentaria, a dignificación do rural ou a transformación e xustiza sociais.



Foron moitas as intervencións de persoas amigas que lembraron a figura de Leopoldo López Rego o día da súa homenaxe, como a do autor do texto que publicamos nestas páxinas do Fouce, Gumersindo Campaña (imaxe da esquerda). Á dereita, placa conmemorativa descuberta ao comezo do acto

Leopoldo López Rego: unha figura principal do sindicalismo agrario galego

Adega organizou unha homenaxe ao crego e avogado que foi un dos membros fundadores das Comisións Labregas

O pasado 28 de setembro, a Eira da Xoana acollía unha homenaxe organizada por Adega a Leopoldo López Rego, avogado e membro fundador das Comisións Labregas. Ali, déronse cita amigos e amigas, amais de persoas nas que Leopoldo exerceu unha influencia decisiva á hora de evoluir cara a posicións de compromiso irrenunciabile co noso país. Dende o Fouce pensamos que o mellor xeito de lembrar a Leopoldo é cedéndolle a palabra a alguén que compartiu compromiso, amizade e loita con el. Quedades, xa que logo, coa lúcida e memoriosa escrita de Gumersindo Campaña...

Leopoldo, con Moncho Valcarce e algúns máis, tivo un papel fundamental, no seu tempo, no medre do sindicato das Comisións Labregas. Eran os anos da transición democrática, a finais dos 70. Momento de grandes loitas e mobilizacións protagonizadas polo novo sindicato creado na clandestinidade, en 1973.

A capacidade organizativa, entrega e o compromiso xeneroso de Leopoldo, amais da súa lucidez, empurraron con forza para que as CC.LL. se espallaran por todo o País. "Comisións Labregas en tódalas aldeas" era o berro que soaba, daquela. Así e todo, a diferenza do seu amigo Moncho Valcarce, hoxe Leopoldo é unha figura case esquecida. Moncho, pola súa parte, recibiu unha sonada homenaxe o 31 de xullo pasado, nas Encrobas. Á fin, tamén Leopoldo tivo a súa xusta home-

naxe, pasados 3 anos do seu falecemento (Miñortos, Porto do Son, 20 de febreiro de 2010): foi o pasado 28 de setembro, a cargo da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega), na Eira da Xoana (Ramil, A Golada). Compre, xa que logo, presentar nun curto flash a praxe de Leopoldo López Rego: frade pasionista, militante nacionalista integral tanto no eido da política como no do sindicalismo de clase agrario e obreiro, e formador da mocidade.

■ Avogado voluntario do Sindicato Labrego Galego

26 de novembro de 1977, Pavillón dos Deportes de Lugo: Asemblea labrega polo problema da cota empresarial: "Nós non somos empresarios". Asistiron ó redor de 20.000 persoas. Nin coas portas abertas colleu toda a xente. Falaron cinco persoas. "Mais a interven-

ción máis agardada", conta Emilio López Milucho, "era a do avogado das Comisións Labregas, Leopoldo López Rego, quen cumpriu sobradamente o obxectivo de dar confianza e seguridade á xente, ademais de clarificala xurídica e politicamente". Sen dúbida, no acordo de seguir sen pagar a cota e de saír en manifestación cos tractores en toda Galiza, tivo moito que ver Leopoldo.

■ Compromiso nas loitas e mobilizacións labregas

En 1977 e 1978, producíronse na Galiza, particularmente na provincia da Coruña, grandes movementos de protesta e de mobilización labregas. En concreto, no 77: en febreiro, a loita das Encrobas; en abril, a manifestación contra a central nuclear de Xove; en setembro, a "batalla" de Baldaio; en novembro e decembro, contra os enco-

ros de Portodemouros e Vilagudín (ou Tordoia). Para Leopoldo, foi 1977 un ano de intensa actividade sindical.

A razón destas mobilizacións nace das iniciativas dos capitais que, nestes anos da transición, se achegan a Galiza para establecer industrias extractivas (As Encrobas, Baldaio), ou enerxéticas (Portodemouros ou Vialagudín). Ocupan as terras ás familias labregas e mesmo os lugares onde habitaban. De aí que, contra esas ocupacións, xorda a resistencia e a loita da xente labrega. O nacionalismo resistiuse a estas ocupacións e aparece, segundo se ten escrito, o "novo movemento agrario da posguerra: As Comisións Labregas" e tamén, os líderes máis significativos. Leopoldo era un deles.

Parémonos, xa que logo, nas loitas nas que Leopoldo participou máis activamente.

A rota da loita: Portodemouros, Vilagudín, Baldaio...

1. PORTODEMOUROS.

Foi unha longa e importante loita labrega dos anos 77-78, da que pouco se fala. A veciñanza esixía a construción dunha ponte sobre as augas do encoro de Portodemouros para cruzalo, despois de que no ano 1972 morreran afogados dous rapaces. En agosto de 1977 celébrase a Festa da Montaña (Arzúa, Melide, Vila de Cruces), onde se tomou conciencia clara do problema. Creación dunha comisión e conversas con Fenosa. Grande manifestación dunhas 6.000 persoas. E, sobre todo, unha medida de forza: peche do túnel de maquinaria de Fenosa durante cinco días, até o desaloxo pola forza pública. Consecuencias: Detención de varios labregos, xunto con Leopoldo (non era a súa primeira detención, firme antifranquista que en 1975 estivera 2 meses na cadea). A pronta reacción da veciñanza para pedir a liberdade dos presos produciuse diante do xulgado de Lalín, cunha grande presenza da garda civil, acabando nunha verdadeira batalla campal. Aínda así, Fenosa non construíu a ponte.

2. VILAGUDÍN

Repítese o mesmo enfrontamento entre a empresa e os labregos e labregas. Para alimentar a central térmica de Meirama cómprelle a Fenosa facer un encoro en Vilagudín, que afecta a parroquias de Tordoia, Cerceda e Ordes. As terras de 90 familias van quedar asolagadas. Hai xente que queda sen fincas e, en xeral, cobre as mellores. "Ou vendes, ou expropiación", dilles Fenosa. Pero deciden poñerse en contacto coas Comisións Labregas e seren asesorados polo seu avogado Leopoldo López Rego. Escollen representantes e fíxanse as reivindicacións: revisión de prezos e indemnizacións e garantías de habilitar, outra vez, servizos comunita-



Diversas imaxes da traxectoria de Leopoldo: enriba, nunha xuntanza con Moncho Valcarce, Antonio Cande, Fernando Solla e Fernando Bara; á dereita, na asemblea de Lugo contra a cota empresarial (arriba) e dirixíndose á xente no cemiterio de Baldaio (abaixo)

rios. Ás instancias enviadas, segue o silencio. Por iso, os labregos e labregas deciden parar as obras. Imitando a Portodemouros, tamén eles fan a súa festa, en febreiro de 1979, para deixar claro que van en serio. E seguiron coas súas reivindicacións até onde puideron. Daquela, viñeron multas a esgalla, as que o Gobernador Civil da Coruña impuxo a familias labregas, e tamén a Pedro Trepas, o avogado compañeiro de Leopoldo.

3. BALDAIO.

De maneira semellante ás Encrobas, a empresa "Baldayo S.L." apropiouse dunha marisma, que daba vida a varias aldeas, para destruíla coa extracción de area como negocio. Leopoldo, con Moncho Valcarce, participou tamén activamente na manifestación en apoio dos veciños, que remataría nun grave enfrontamento coa garda civil na propia praia, con varios feridos. É para recordar a imaxe de Leopoldo levando unha bandeira branca na man para conter aos gardas para que non mallaran na xente. Pero estaban tan obcecados que non resultou.

4. COTA EMPRESARIAL.

Esta loita é contra o propio Estado. É unha longa campaña, entre 1977 e 1982, de boicot a un imposto abusivo e inxusto: "Nós non somos empresarios". As Comisións Labregas decidiron iniciar a loita contra a cota desde o comezo, como sindicato legal, en 1977. Esta postura foi fortemente seguida en outono dese ano por miles de labregos e labregas. Durante medio ano, dábanse mobilizacións e loitas multitudinarias: Asemblea de Lugo, saída dos tractores no Nadal e folga do leite na primavera de 1978. Como había moita xente que non pagaba, o goberno da UCD, en 1982, vai a por todas: ordena rematar co problema seguindo até o final procesos de embargo de leiras. Déronse varias tentativas de embargo. Até a última, a do señor Xulián de Lánara, o 19 de maio de 1982. Nese día, a poxa dos bens de Xulián Rodríguez Río foi declarada deserta. Era o éxito dalguén que, ao remate, non pagou a cota empresarial. Máis tarde, o 8 de maio de 1983, celebrárase en Lánara a "Festa labrega da cota rachada".



Compromiso dende a ética

Leopoldo López Rego, ordenado crego en 1960, comezou a estudar a carreira de Dereito na Universidade de Santiago, en 1971. Fíxoo "como medio para defender con máis eficacia a causa da clase traballadora".

Para Rosendo, o seu compañeiro Pasionista, Leopoldo era un "adiantado", o que axudou a "descolonizarnos", quen defendeu a xustiza, poñéndose do lado dos ilotas (os máis pobres) desta Terra.

Para a revista **Encrucillada**, do ano 1979, Leopoldo fai declaración dos seus principios: "A miña liña de comportamento, dende fai anos, baséase tanto na miña condición de home galego, coma de home de fe, tratando que estes dous campos non se fagan antagónicos". É dicir, integra a fe co compromiso político. "A miña conciencia política e maila fe en Xesús de Nazaret e o sentirte metido conscientemente na corrente deste Pobo que arela ser il mesmo e ceibe". Así era, realmente, Leopoldo.

O SLG presenta alegacións á Lei de Mellora da Estrutura Agraria de Galicia

Boa parte das propostas van dirixidas a protexer da especulación o solo rústico de protección agropecuaria

A mediados de outubro, o Sindicato Labrego Galego presentou un documento de alegacións ao anteproxecto da Lei de Mellora da Estrutura Agraria de Galicia, no que está traballando actual-

mente a Consellaría de Medio Rural. Boa parte das alegacións coincidían en corrixir aspectos deste texto legal que poden deixar indefenso ao solo rústico de protección agropecuaria e, polo

tanto, ás actividades agrogandeiras que do seu uso dependen. Entre outras cousas, pídesse protexer o solo agrario da actividade mineira, dos cultivos enerxéticos ou das forestacións ilegais.

Aínda que o anteproxecto parte dunha exposición de motivos sobre as necesidades do agro galego coa que o SLG concorda bastante, despois o articulado só modifica aspectos relacionados coa concentración parcelaria.

O primeiro que pide o SLG é que se articulen medidas legislativas que garantan que o Solo Rústico de Protección Agropecuaria (SRPA) sexa terreo realmente protexido. Neste senso, o Sindicato Labrego pediu que se prohiban, expresamente, os cultivos enerxéticos leñosos para abastecer centrais de biomasa, xa que corremos o risco de que se implanten masivamente invadindo a superficie agraria na Galiza. Outro dos usos que o Sindicato Labrego pide prohibir en solo rústico é a actividade mineira.



O SLG pide revisar os artigos da Lei de Montes que autorizan a forestación de terras agrarias. Na imaxe, forestacións ilegais en Becerreá

Tamén en relación co SRPA, o SLG apunta á necesidade de que, naqueles concellos nos que a poboación se dedique, maioritariamente, a actividades agrarias, se re-

serve por lei unha porcentaxe mínima de solo para o desenvolvemento de actividades agrogandeiras e figure como SRPA no plan xeral de urbanismo.

Diferenciar “turismo no medio rural” de “turismo rural”

Tamén advirte o SLG do perigo de permitir usos construtivos en solo rústico para “turismo no medio rural”, pois expresado desta maneira en vez de “turismo rural” dá pe a legalizar calquera caste de edificación ou instalación turística localizada no medio rural

A Lei de Montes tamén é obxecto de 2 alegacións, nas que se pide a modificación dos artigos que apostan pola forestación de terras agrarias. En relación cos montes veciñais, o SLG ve necesario escoitar a opinión das propias comunidades sobre calquera normativa que lles afecte, buscando “evitar calquera medida que deturpe o carácter xenuíno destas comunidades e atender ás súas especificidades”.

Finalmente, o SLG fai unha análise crítica dun dos obxectivos da lei, que consiste en “Incrementar a sostibilidade, competitividade e desenvolvemento integral das zonas rurais mediante actuacións intensivas”, e advirte do perigo á hora de interpretar palabras como “competitividade” ou “actuacións intensivas”, que entran en contradición con “sostibilidade” e “desenvolvemento integral”.

Revisión das distancias mínimas entre solo agrario e núcleos habitados

Outro aspecto no que inciden as alegacións é o das distancias mínimas entre vivendas e núcleos habitados, explotacións e plantacións forestais. Neste senso, pídesse que o anteproxecto contemple normas para establecer en toda Galiza novas distancias mínimas das plantacións a distintas categorías de solo (particularmente SRPA) ou construcións, sen deixalo ao arbitrio dos concellos. Tamén se pide reducir a distancia mínima das novas explotacións gandeiras con base territorial con respecto das vivendas existentes ata 100 metros, sen que quede tamén ao arbitrio dos concellos.

E, do mesmo xeito que unha nova explotación depende para instalarse da distancia

a un núcleo rural, o SLG defendeu que se lexisle e viceversa, e que as ampliacións dos núcleos rurais teñan en conta a existencia de explotacións e terras agrarias para non interferir no desenvolvemento destas últimas.

Un dos artigos sobre os que o SLG chama a atención é o 30, que prevé que os Instrumentos de Ordenación do Territorio poderán modificar o réxime urbanístico do SRPA e dos núcleos rurais de poboación. Entre eses Instrumentos dos que fala o artigo están as Directrices de Ordenación do Territorio (ver Fouce 282) que xa ten criticado o SLG por seren redactadas para achanzarlle o terreo a diversas industrias que buscan lucrarse e especular coa terra.

A Sem Terra Kelli Mafort visita Galiza dentro dunha xira europea

Mantivo encontros de traballo con motivo do Encontro Europeo de Comités de Apoio ao MST

A tarde do 31 de outubro tivemos unha xuntanza coa compañeira de loita Kelli Mafort, do Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST), organización agraria irmá que, coma o SLG,

forma parte da Vía Campesina. Na axenda de traballo estaban os preparativos para o VI Congreso do MST, en febreiro de 2014, e o Encontro Europeo de Comités de Apoio ao MST, na Galiza o ano que vén.

O encontro con Kelli Mafort foi un enriquecedor diálogo con denominadores comúns como a defensa da terra diante de agresións como a minaría salvaxe ou a usurpación das agras pola industrias enerxéticas ou de celulosa. De iso e moito máis dialogamos nunha xuntanza na que tamén participaron xentes de Amarante, Verdegaiá, Santa Comba Viva, Plataforma en Defensa de Corcoesto, ContraMINAcción ou da Plataforma Auditoría Cidadá da Débeda.

Invitada pola ONGD Amarante, Kelli Mafort estivo en Galiza até o 1 de novembro e mantivo xuntanzas con outras organizacións sociais e partidos políticos. Unha das etapas desta visita tivo lugar en Ribadeo, onde mantivo un encontro con varios colectivos para tratar a cuestión do despoboamento do rural, unha



Kelli Mafort, de pé no centro da imaxe, reuniuse con representantes de diversas organizacións sociais da Galiza, entre elas o SLG

problemática común da Galiza e do Brasil.

Máis en xeral, o obxectivo desta viaxe para o MST foi o de tecer con organizacións sociais europeas estratexias de traballo conxuntas diante de retos globais como a sobera-

nía alimentaria ou a loita contra o acaparamento de bens naturais como a terra ou a auga. Tralo seu paso por Galiza, Kelli Mafort viaxou a outros países europeos para manter encontros con comités de apoio ao MST.

Cañete aproba insecticidas ao tempo que a Unión Europea os prohibe

O pasado 1 de decembro, entraba en vigor a prohibición de tres insecticidas neonicotinoides en toda a Unión Europea por mor do exterminio de abellas que estaban a provocar (ver Fouce 297). Trátase dun éxito para o sector apícola tras case dúas décadas de loita.

Pouco antes de que fosen prohibidos, o Ministerio de Agricultura sacaba da manga unha autorización excepcional de dous insecticidas para o tratamento de sementes: un neonicotinoide, o Tiadoprid, e un piretroide, o Teflutrin, ambos letais para as abellas segundo recoñecen os seus fabricantes, Bayern e Syngenta.

Resulta incongruente que o ministro de Agricultura, Arias Cañete, votase contra os neonicotinoides o 29 de abril, en Bruxelas; e que agora autorice no Estado Español insecticidas da mesma caste. Por este motivo, a reacción do Sindicato Labrego e da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) foi esixir ao Ministerio a retirada inmediata desta autorización.

Perigan 165 millóns do Feader por mala xestión do Ministerio

Nunha carta enviada polo comisario de Agricultura, Dacian Ciolos, ao seu homólogo español, Miguel Arias Cañete, advírtese do perigo de que o Estado Español perda 165 millóns de euros para desenvolvemento rural. Trátase do segundo aviso da Comisión en cinco meses, e prodúcese despois de que, en 2012, se perdesen 67 millóns de euros de 2010 por deixar pasar máis de 2 anos sen utilizalos.

A perda destes cartos afectaría a axudas de 2011 que teñen que ver Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e foron solicitadas para a incorporación de xente moza, medidas agroambientais e modernización das explotacións. Deses 165 millóns de euros, a Galiza corresponderíanlle máis de 29. Dende a COAG esixíronse explicacións ao ministro Arias Cañete.



O Ministerio de Agricultura xa perdeu 67 millóns de euros de fondos comunitarios de 2010 por deixar pasar máis de 2 anos sen utilizalos

Gaillac: intercambiando sementes, intercambiando experiencias

As organizacións da Coordinadora Europea da Vía Campesina debaten a postura fronte ao novo regulamento comunitario

O Sindicato Labrego Galego participou no primeiro Seminario Europeo sobre Sementes, organizado pola Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) e a Federación Natureza e Progreso en Gai-

llac (Francia). Representaron ao SLG a vicerresponsable da Dirección da Horta e integrante da Executiva, Belén Fervenza, e a técnica Conchi Mogo. Ambas participaron, durante tres días, nesta experien-

cia formativa na que labregos e labregas intercambiaron coñecementos prácticos relativos á reprodución, selección e conservación das sementes e analizaron a fondo a nova normativa comunitaria.

Para Belén Fervenza, esta foi “unha experiencia moi positiva que nos serviu para dar a coñecer a Rede Galega de Sementes”. Unha das cuestións que máis chamou a atención ao respecto é o feito de que sexan, na maior parte dos casos, as mulleres labregas as encargadas de recoller e conservar as sementes e as responsables directas de que, hoxe en día, poidamos seguir utilizando as variedades tradicionais. Trátase dun labor fundamental para a produción de alimentos e para a soberanía alimentaria dos pobos e, dende as diversas organizacións que integran a ECVC, comprometéronse a darlle valor.

O seminario tamén serviu para aprender de experiencias doutras organizacións en Europa. Neste senso, Belén Fervenza destacou o traballo desenvolvido en Francia, onde a normativa de sementes é moito máis restritiva que na Galiza. No país veciño, a nivel local existen as coñecidas como Casas de Sementes Labregas (*Maisons des Semences Paysannes*), que son un espazo no que se organiza a defensa das sementes labregas en todas as súas facetas: clasificación, coñecemento técnico, formación, recompilación de datos, difusión de variedades, etc. Despois, todas esas casas orgánzanse na Réseau Semences Paysannes (*Rede de Sementes Labregas*). Para Fervenza, “é un xeito de organización do que podemos aprender na Galiza de cara a conservar as nosas sementes tradicionais e protexelas da cobiza das grandes industrias do sector”.



Belén Fervenza centrou parte do seu relatorio en dar a coñecer a experiencia da Rede Galega de Sementes

Campaña mundial da Vía Campesina en defensa das sementes labregas

Dende o ano 2003 existe unha campaña mundial da Vía Campesina centrada nas sementes. Esta campaña está baseada, principalmente, en dous puntos:

1. Resistencia contra as multinacionais, posto que cada vez é maior o proceso de concentración das sementes nas súas mans: o 70% xa está baixo o seu control. Este proceso realízase a través da lexislación que o estados modelan para as grandes empresas, posto que con estas novas leis exprópiánlle ás labregas e labregos o dereito a producir as súas sementes.

2. Reapropiación, por parte de labregos e labregas, da capacidade de crear as nosas propias sementes. É moi importante recuperar o control da produción de sementes. Non poden existir modelos labregos sen sementes labregas.

Precisamos unha lexislación global que preserve o noso dereito as nosas sementes. Esta é unha loita histórica da Vía Campesina na que se teñen logrado pequenas vitorias. Se até o de agora se teñen recoñecido estes dereitos en tra-

tados internacionais foi grazas á Vía Campesina. O Comité de Seguridade Alimentaria Mundial (CFS), dependente da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO), é o lugar clave onde se debaten estes temas, e tamén é o lugar onde a Vía Campesina está a loitar actualmente. O CFS vén de aprobar un pequeno documento onde se garante o acceso de labregas e labregos ás sementes, ás súas sementes. Na Galiza, debemos apoiarnos neste marco xurídico para as nosas campañas.

■ A Conferencia Internacional de Cimbabue

A Vía Campesina celebrou en Cimbabue, entre o 12 e o 14 de novembro, unha Conferencia Internacional sobre Sementes Labregas. Os obxectivos deste encontro foron debater sobre as ameazas a que se enfrontan os labregos e labregas de África na cuestión das sementes, que teñen que ver, fundamentalmente, coa imposición dos transxénicos e as novas lexislacións que se están a desenvolver ao respecto.

Un dos temas centrais do seminario de Gailac foi a lexislación sobre sementes da Unión Europea aprobada recentemente.

Dentro do Regulamento Europeo de Sementes, existen 5 normativas:

1. Comercialización de sementes. Catálogo.
2. Sanidade Vexetal (novidade: Regulamento Sanitario de Sementes e Plantas)
3. Sanidade Animal.
4. Control (de todas as producións, non só animal como até agora, senón tamén de vexetais e sementes).
5. Normativa financeira (que atinxe ás anteriores).

Como novidade significativa, temos que dicir que até agora o paquete hixiénico de control aplicábase unicamente a sanidade animal. A partir de agora, tamén se aplicará ás producións vexetais.

O obxectivo do regulamento é “regular” e “rexistrar” a produción de sementes que son destinadas á comercialización, non para a produción de sementes para uso propio.

■ A comercialización de sementes

Na normativa relativa á comercialización non existen apenas novidades. En relación á normativa vixente, hai un rexistro-catálogo de sementes e un regulamento de sementes estándar. Todas as sementes que son comercializadas por empresas operadoras (aquelas empresas que só producen sementes comerciais), deben de estar obrigatoriamente rexistradas no catálogo.

■ A quen se lle aplicaría este regulamento?

Coa nova lei regularase todo tipo de comercialización de sementes, e recoñécese que existen diferentes tipos de intercambios que non entran dentro da nova normativa:

- ▶ Investigación.
- ▶ Intercambios casuais entre produtores e produtoras.

Análise: A nova lexislación sobre sementes da Unión Europea

- ▶ Redes de sementes
- ▶ Bancos de sementes.
- ▶ Produtoras que non sexan operadoras oficiais (unha operadora, segundo o regulamento, é aquela que produce sementes comerciais).

■ Quen ten dereito a comercializar estas variedades nicho?

Con esta nova normativa, recoñécese o dereito do intercambio por parte de persoas ou empresas que non sexan operadoras oficiais do que chamamos o material nicho (sementes heteroxéneas e non rexistradas). Este recoñecemento considerase un avance para labregas e labregos.

Pero, ademais, coa nova normativa terían tamén dereito a comercializar estas variedades as “microempresas” que facturen un máximo de 2 millóns de euros e teñan un máximo de 10 persoas empregadas. Esta cuestión abre a porta a que grandes empresas, como Monsanto ou Bayer, creen “microempresas” e poidan adicarse a comercializar sementes de variedades nicho.

■ Cales son os riscos deste novo regulamento?

Existen varios riscos en canto ao recoñecemento do material heteroxéneo como, por exemplo, que este material poida someterse a dereitos de propiedade intelectual (patentes), xa que até agora só as variedades homoxéneas podían ser patentadas.

Nada evita neste regulamento que as microempresas poidan vender material heteroxéneo transxénico, xa que poderán importalo e comercializalo sen ningún control.

O “rexistro baixo control oficial” será realizado por em-



O seminario da Via Campesina en Zimbabwe desenvolveuse baixo o lema “Defendendo as sementes labregas pola vida e o futuro da humanidade”

presas privadas. Como os requisitos para a certificación son moi custosos para as pequenas empresas, pouco a pouco as autoridades públicas serán substituídas por grandes certificadoras privadas que si poden asumir estes procesos. Precisaremos de persoas expertas que avalíen estas variedades e nos aseguren que non están hibridadas con material transxénico, por exemplo.

O regulamento de sanidade vexetal é, en xeral, moito peor que o regulamento sobre a comercialización. Existe a preocupación de coñecer como se nos aplicará e como pode afectar á produción de sementes. Necesitamos que quede moi claro que os labregos e as labregas estamos fóra deste regulamento.

■ Cales son as demandas de Vía Campesina a este regulamento?

- ▶ Que os labregos e as labregas que venden as sementes que producen non se inclúan como operadores profesionais no regulamento fitosanitario ou de sanidade vexetal.
- ▶ Que se protexan as variedades heteroxéneas de ser patentadas.
- ▶ Que se recoñezan as sementes labregas como un ben común da humanidade.
- ▶ Que se garanta o control

■ Glosario: definición de termos de interese na nova normativa

▶ **Variedades ou material nicho:** Son variedades de sementes que se poden comercializar sen estar rexistradas no catálogo de sementes. Un bo exemplo serían as variedades de sementes autóctonas que nunca se rexistraron.

▶ **Variedades Estándar:** Son variedades rexistradas no catálogo de sementes, as cales teñen unha certificación obrigatoria e un control postventa. Podemos dicir que o “lote” das sementes de variedades estándar non é controlado antes de estar no mercado; o control faríase no mercado de xeito aleatorio.

▶ **Material heteroxéneo:** Son as sementes labregas, que entrarían dentro das variedades nicho. Por primeira vez, a Comisión Europea recoñece o dereito a intercambio e produción deste material.

oficial das sementes e do control fitosanitario mediante organismos públicos, para evitar o dominio deste sector por certificadoras privadas.

A Unión Europea comeza a perfilar os pagos acoplados da nova PAC

O esencial da nova PAC para o período 2015-2020 vai ser a rexionalización e o establecemento dos pagos de cada rexión. Pero isto segue aínda sen decidir ou, cando menos, aínda non se fixo publico como vai quedar, polo que o groso dos pagamentos da PAC, que son os pagos básicos de cada rexión, non se coñecen de momento.

Si sabemos, por exemplo, que non se vai incrementar a lista de exclusións de entidades ou persoas beneficiarias da PAC. É dicir, só van quedar excluídos aeroportos, campos deportivos, camiños de ferro, etcétera; pero seguirán cobrando axudas persoas e empresas sen vinculación coa actividade agraria nin coa produción de alimentos.

Tampouco se fixo caso da proposta de facer os pagamentos de xeito progresivo, de tal maneira que se pagase máis polas primeiras hectáreas de cara a beneficiar ás explotacións con menor dimensión e beneficiando, outra vez, as grandes propiedades.

Outra das decisións que irá para adiante é que serán as superficies declaradas en 2013 as que terán dereitos de pa-



O SLG mantén informada á xente das novidades da PAC, como nesta charla na Estrada

gamento básico. Así e todo, vaise investigar a grande diferenza detectada entre as superficies declaradas en 2013 con respecto ás de 2011. En resume: cada hectárea admisible declarada en 2013, terá un dereito de pagamento básico en 2015.

Tamén mudarán os mapas de zonas desfavorecidas, aínda que a nova listaxe vai ser amplamente coincidente coa que había, polo que debemos agardar que os cambios sexan mínimos.

Posiblemente, o maior avance se dará nos pagamentos acoplados, dos que se beneficiarán os seguintes sectores: Vacún

de engorde, vaca nutriz, ovino, cabrún, vacún de leite, remolacha azucreira, arroz, tomate para a industria, froitos de casca e cultivos proteicos.

En gandería, que son os sectores con aplicación en Galiza, vai haber certos cambios importantes nos montantes globais: En vaca nutriz percibíase un total de 334,9 millóns de euros, que se van reducir a 188; en vacún de cebo vaise pasar de 7 millóns de euros a 41; en vacún de leite, de 57,3 millóns de euros a 93; en ovino, de 33,3 a 155; e no cabrún, de 4,4 a 9 millóns de euros. Isto significa que, cos censos de 2012, cada vaca nutriz cobraría de pago acoplado 93,85 euros; cada becerro de engorde de bovino, 17,95 euros; cada ovella, 11,77 euros, cada cabra, 4,02 euros; e cada vaca de leite, 109,92 euros. De todos xeitos, estas cifras son provisionais e supoñen que as axudas se distribúan de maneira lineal entre todos os animais.

De todos xeitos, cómpre insistir en que o importante das novas axudas da PAC son os pagamentos básico e verde, que non imos saber a canto ascenden até que coñezamos como se distribúen os cartos nas rexións.

O Ministerio agocha os datos sobre cultivos transxénicos en Galiza

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Agricultura, no ano 2013 cultiváronse no conxunto do Estado 136.962 hectáreas de millo transxénico MON810. Sen embargo, esta cifra é unha estimación baseada nos datos de venda facilitados polas propias empresas proveedoras de sementes que nada ten que ver coa superficie real cultivada con organismos xeneticamente manipulados (OXMs).

O propio Ministerio recoñeceu que non realiza ningunha comprobación dos datos que lle proporciona a industria, polo que estas cifras tan avul-

tadas, como en anos anteriores, poden ser unha estratexia das empresas interesadas para convencer á cidadanía dun falso éxito que están a ter os cultivos transxénicos ao tempo que se agochan os datos reais. Así o denunciaron conxuntamente Amigos da Terra, Ecoloxistas en Acción, Greenpeace, COAG, Plataforma Andalucía Libre de Transxénicos, Plataforma Rural, Rede de Sementes e Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica.

Grazas a un requirimento realizado en 2013 por Greenpeace comezamos a coñecer mellor a realidade dos OXMs

no Estado español. A organización ecoloxista consultou ás 17 comunidades autónomas e pediulles información ambiental sobre o cultivo do millo entre os anos 2010 e 2014 de acordo co declarado polos labregos e labregas na solicitude única da PAC. Só Andalucía e Cataluña contestaron con datos de 2013, constatando desviacións que van do 30% ao 70% de menos con respecto ás cifras publicadas polo Ministerio; o resto das comunidades autónomas non responderon, incumprindo o convenio Aarhus de acceso a información ambiental.

Respecto a Galiza, constátouse que se cultivaron transxénicos nos últimos dous anos, cando este dato non aparece nas estimacións do Ministerio de Agricultura; algo semellante acontece con Cantabria. Isto último fai sospeitar que o Ministerio infla os datos de comunidades como Cataluña ou Andalucía, non gobernadas polo PP e que serven para ofrecer unha imaxe triunfalista dos OXMs; ao tempo que oculta a existencia dos controvertidos cultivos transxénicos noutras, como Galiza ou Cantabria, gobernadas polos populares.

Unidade para defender a gandería extensiva no marco da PAC

A Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) -xunto a Asaja, UPA e as cooperativas agroalimentarias- presentaron, o 19 de novembro, un documento reivindicativo en defensa da gandería extensiva que recolle propostas concretas de cara á negociación da aplicación da Política Agraria Común (PAC) durante o período 2015-2020 no Estado Español.

As demandas das organizacións agrarias queren aproveitar a marxe de manobra que se lle deixa a cada estado membro da UE para que, tanto o Ministerio de Agricultura como as comunidades autónomas, consideren unha prioridade asegurar a continuidade da gandería extensiva á hora de aplicar a PAC no Estado. As propostas para facer isto son as seguintes:

1. Que as ganderías incluídas no Rexistro de Actividade Gandeira (REGA) teñan unha dimensión que garanta a súa actividade real e efectiva para evitar a fraude e a creación de condicións artificiais para percibir axudas. En gandería extensiva, a superficie de pastos deberá estar sempre



O secretario xeral da COAG, Miguel Blanco (á dereita) ofreceu unha rolda de prensa coas outras organizacións agrarias do Estado

na comarca onde este a explotación ou en comarcas limítrofes, agás en casos de trashumancia ou trasterminancia.

2. Para a primeira asignación de dereitos de pagamento básico, só deben asignarse dereitos sobre superficies de pasteiros para produtores e produtoras que fosen gandeiros ou gandeiras en 2013, agás en casos de forza maior e incorporación de xente moza.

3. As axudas acopladas á gandería extensiva, deben destinarse exclusivamente a vacas nutrices e becerros nados e criados na explotación, e a gando ovino e caprino. En cada explotación calcularase o importe en función do número de unidades de gando maior (UGM) que haxa. Establece-

ranse medidas que eviten a creación de condicións artificiais para a concesión destas axudas.

4. No acordo marco de desenvolvemento rural (PDR Estatal) destinar parte dos fondos directamente a produtores e produtoras que formen parte de agrupacións ou entidades asociativas prioritarias.

5. Establecemento dunha medida agroambiental obrigatoria destinada á gandería extensiva pola súa contribución á xestión sostible do territorio, á conservación dos recursos naturais, á prevención dos incendios forestais e conservación do entorno.

6. A gandería extensiva considerárase como sector prioritario nas medidas aplicables en zonas con limitacións naturais.

As explotacións gandeiras do Macizo Ourenán indefensas ante o ataque dos lobos

O pasado 1 de novembro, a parroquia de Escuadro, no municipio ourensán de Maceda, foi escenario dun ataque de lobos co resultado dun becerro morto. Aconteceu a 30 metros da vivenda do gandeiro Ángel Rivas Peña, que vive e rexenta a súa explotación no lugar de A Teixeira.

Este non é o primeiro caso de ataques de lobos na zona, xa que existe superpoboación deste predador e, ante a falla de presas naturais, van buscar o alimento cada vez máis ás explotacións gandeiras e aos propios núcleos habitados, poñendo en perigo mesmo a integridade física das persoas que habitan o rural ourensán.

O Sindicato Labrego Galego xa ten denunciado que o da fauna salvaxe é un problema de orde xeral que afecta a toda a cidadanía e que non para de medrar. Diante disto, as actuacións da Xunta limítanse a un sistema de compensacións manifestamente escaso e inútil, e a unha inexistente política de control da fauna salvaxe. Ademais, os tecores, nos que hoxe recae parte da responsabilidade de indemnizar os danos causados pola fauna salvaxe, estanse a amosar totalmente impotentes

A carne de porco, año e tenreira rexistraron as maiores marxes comerciais

Nos produtos gandeiros, a carne de tenreira de primeira tivo as marxes máis avultadas no Índice de Prezos Orixe Destino (IPOD) de novembro de 2013, chegando a unha media no Estado do 317%. Seguíronlle moi de preto a carne de año e a de porco, rexistrando ámbalas dúas unhas marxes comerciais medias do 275%

PRODUTO	ORIXE (€/Kg)	DESTINO (€/Kg)	ORIXE-DESTINO	DIFERENCIAL
TENREIRA DE 1ª	4,23	17,66	4,17	317%
AÑO	2,83	10,60	3,75	275%
POLO	1,13	2,92	2,58	158%
PORCO	1,46	5,48	3,75	275%
COELLO	2,22	5,23	2,36	136%
OVOS Mº	0,76	1,54	2,03	103%
LEITE VACA	0,36	0,81	2,25	125%

solidariedade
solidaritate
التضامن

التسامح
tolerancia
toleranta

التنوع
diversidade
diversitate

احترام
respecto
respect

A túa mellor colleita: as persoas. Sementa CONVIVENCIA
convieure
التعايش

Casa das
agriCulturas



CAMPAÑA ESTATAL DE SENSIBILIZACIÓN E PROMOCIÓN DA IGUALDADE
DE TRATAMENTO NO EIDO LABORAL. A INTEGRACIÓN E XESTIÓN DA
DIVERSIDADE NO SECTOR AGRARIO.

As sementes ocuparán boa parte da axenda da Dirección de Horta do SLG

A valoración feita do ano 2013 foi negativa debido ás irregularidades e perdas provocadas polo cambio climático

O 16 de decembro, a Dirección de Horta, Froita e Flor do Sindicato Labrego Galego mantiña unha xuntanza ordinaria en Compostela para valorar o que dera de si o ano 2013 e trazar as liñas de traballo para o ano entrante.

Tal e como publicamos no anterior Fouce, a valoración sobre a campaña 2013 foi negativa debido, fundamentalmente, ás irregularidades climatolóxicas, con excesivas choivas que atrasaron e dificultaron os cultivos.

Unha das cuestións que máis tempo ocupou foi a das sementes, que tocou transversalmente varios puntos da orde do día. Así, deuse conta da participación do SLG no Seminario Europeo de Sementes de Gaillac, do novo regulamento de sementes da Unión Europea, ou da campaña internacional que a Vía Campesina iniciou hai 10 anos para loitar pola dereito dos labregos e das labregas a ter acceso ás sementes.

A vicesresponsable da Dirección de Horta, Belén Ferrenza, sinalou a necesidade de afondar máis nesta cuestión a través de accións prácticas, como promover a cultura de recoller e conservar sementes ou presentar unha alternativa ao borrador de regulamento que sobre este tema está a preparar a Xunta de Galicia. Para comezar a actuar en todas estas fronteas, a Dirección de Horta, Froita e Flor acordou crear un grupo de traballo a nivel nacional, e traballar de xeito coordinado cos e coas responsábeis de hortas comarcas.

Outros temas que se trataron foi a xornada sobre compra pública de alimentos (páxinas 12 e 13 deste Fouce)



A Dirección de Horta, Froita e Flor reunírase, como mínimo, outras 3 veces durante o 2014 para dar seguimento á súa axenda de traballo

e a campaña que se vai facer a raíz dela; ou a posible creación dunha rede de labregos e labregas.

En canto a planificación do 2014, a Dirección de Horta, Froita e Flor do SLG acordou manter 3 xuntanzas ordinarias ao longo do ano, desenvolver actividades formativas

ao redor de cuestións como o novo regulamento comunitario de sementes, a recuperación de variedades tradicionais de árbores froiteiras ou outras de carácter máis técnico. Tamén se considerou importante traballar no desenvolvemento da certificación participativa.

A produción de pataca na Limia cae outro 10% debido ás choivas de setembro

Como xa adiantamos no anterior Fouce, as previsións para o rendemento dos cultivos de pataca na Limia estimábanse ao redor dun 20% máis baixas debido ás irregularidades climáticas. Sen embargo, esas estimacións foron a peor por mor das choivas que houbo na colleita, e que comezaron o 20 de setembro. As precipitacións continuadas obrigaron a deixar parte da produción sen apanhar. Calcúlase que ás perdas devanditas nos rendementos, agora hai que sumar outro 10% de pataca que quedou nas leiras.

En novembro, houbo explotacións que tentaron apanhar a pataca que quedaba, pero a maquinaria non daba traballo coa terra enlamada e houbo que recoller a man o que se puido, contratando xornaleiros e xornaleiras. Por outra banda, as patatas que se colleron almacenáronse húmidas, polo que aumentou o risco de proliferación de fungos e bacterias; isto obrigou a outro gasto extra, que foi o de contratar persoal para afinar o proceso de selección da pataca para vender. Se xa os custos de produción se incrementaron

considerablemente pola suba de gasóleo, electricidade, abonos e sementes ao longo de 2013, agora dispáranse máis pola man de obra extra.

Por se non abundase, o prezo da pataca, que debería subir debido á caída da produción e ao aumento dos custos, baixou contra todo pronóstico. Se ben comezou a campaña con bos prezos, ao redor dos 30 céntimos por quilo para a pataca fóra de contrato, e uns 12 céntimos para a contratada, agora estes valores caeron.

As explotacións teñen a vista posta nas vendas de xa-

neiro, cando se agarda a cotización da pataca suba. Esa será a última oportunidade de remendar unha mala campaña antes de que entren no noso mercado as producións temperás cultivadas no sur.

Nestas circunstancias, o Sindicato Labrego Galego está a estudar a posibilidade de pedirlle ao Ministerio de Fomento unha redución dos módulos ás explotacións afectadas, xa que é inxusto que coticen un 0'37% neste concepto cando os ingresos nin sequera van dar para cubrir os custos de produción.

Perdéndolle o medo a podar froiteiras na Estrada

O SLG organizou na Estrada un curso sobre poda de árbores froiteiras no que participaron 25 persoas. A actividade foi impartida polo técnico David Castellanos e consistiu de dúas xornadas. A primeira, o 28 de novembro, foi teórica e desenvolveuse no local do SLG na Estrada. A segunda, que se levou a cabo o 30 de novembro, foi práctica e tivo lugar nunha finca da pa-

rruquia de Paradela. Coas tesoiras de podar na man, os e as participantes perdéronlle o medo a facer tarefas de poda nas árbores froiteiras de cara a conseguir unha maior produtividade e calidade dos froitos.

O éxito do curso fixo que, dende o SLG da Estrada, se estea a barallar a posibilidade de repetilo en febreiro, amais de organizar outro sobre enxertos cara á primavera.



O Sindicato Labrego baralla repetir o curso en febreiro tralo éxito que tivo



O técnico André Henriques da Silva, á esquerda, dirixiu as xornadas

VII Xornadas de Viticultura Natural e Biodinámica

Entre novembro e xaneiro, celebrouse en Castrelo de Miño a sétima edición das Xornadas de Viticultura Natural e Biodinámica, organizadas polo SLG en colaboración co concello. O curso foi impartido por André Henriques da Silva, técnico agrónomo e formador en viticultura biodinámica, e asistiron unhas 30 persoas.

A primeira xornada celebrouse o 28 de novembro, e es-

tivo centrada na cuestión do solo visto como un organismo vivo máis que debe ser tratado como tal. O 12 de decembro foi a segunda sesión; nela, da Silva tratou a fondo tódalas enfermidades que afectan ao viñado. Finalmente, na xornada de xaneiro, fíxose un monográfico sobre elaboración de preparados para a súa utilización tanto nas viñas como en calquera labor agraria.

Leituga, acelga e repolo sufren as maiores marxes comerciais

Con datos do Índice de Prezos Orixe-Destino, que nos dá a media en todo o Estado, dos produtos máis estendidos na Galiza é a **leituga** a que maior diferencial acumula: cun prezo medio de 10 céntimos por unidade en orixe, custa case 1 euro en destino; en concreto, acumula unhas marxes do 830%, multiplicando case por 10 o seu valor inicial. Sen deixarmos a horta, as **acelgas**, os **repolos** e os **tomates** para ensalada tamén tiveron marxes abusivas cuxas medias no Estado son, respectivamente, de 550%, 486% e 441%.

PRODUTO	ORIXE (€/Kg)	DESTINO (€/Kg)	ORIXE-DESTINO	DIFERENCIAL
OLIVAS EN VERDE	0,40	4,38	10,95	995%
ACEITE DE OLIVA VIRXE EXTRA	2,32	3,82	1,65	65%
PATACA	0,20	0,78	3,90	290%
ALLO	1,65	5,35	3,24	224%
CEBOLA	0,25	1,01	4,04	304%
REPOLO	0,21	1,23	5,86	486%
COLIFLOR	0,45	1,55	3,44	244%
CABACIÑO	1,10	1,77	1,61	61%
CHAMPIÑÓN	1,23	3,56	2,89	189%
ALCACHOFA	0,65	2,41	3,71	271%
ACELGA	0,28	1,82	6,50	550%
BERENXENA	0,67	1,51	2,24	124%
TOMATE DE ENSALADA	0,34	1,84	5,41	441%
CENORIA	0,37	1,02	2,76	176%
PEMENTO VERDE	0,48	1,76	3,65	265%
PEMENTO VERMELLO	0,49	1,93	3,92	292%
COGOMBRO	0,38	1,50	3,93	293%
LEITUGA	0,10	0,93	9,30	830%
PLÁTANO	0,81	2,16	2,67	167%
CHIRIMOIA	0,63	2,22	3,52	252%
MAZÁ	0'40	1,90	4,75	375%
PERA	0'50	1,94	3,88	288%
UVA DE MESA	0,58	2,46	4,24	324%
MANDARINA	0,26	1,93	7,42	642%
LARANXA	0,20	1,52	7,60	660%
LIMÓN	0,25	1,78	7,12	612%

Os montes deberán ter redactado en 2014 un instrumento de ordenación

Aínda que o prazo remata o 23 de febreiro, pode que se amplie até que se publiquen as instrucións da Xunta

Na Lei de Montes estatal, promulgada en 2003 e modificada en 2006 (actualmente en proceso de revisión), establece, no artigo 33, que “os montes públicos e privados deberán contar cun proxecto de ordenación de montes, plan dasocrático ou outro instrumento de xestión equivalente. Estarán exentos da obriga establecida no parágrafo anterior os montes de superficie inferior ó mínimo que determinarán as comunidades autónomas dacordo coas características do seu territorio forestal”.

Así mesmo, mediante as disposicións transitorias segunda e terceira activábanse os seguintes prazos: “Os montes que teñan a obriga, conforme ó disposto no artigo 33, de dispoñer de instrumento de xestión forestal, terán un período de 15 anos dende a entrada en vigor desta lei para dotarse daquel” e “durante un prazo de 10 anos dende a entrada en vigor desta lei, os propietarios de montes non ordenados poderán acollerse ós incentivos ós que se refire o artigo 63, podendo ser obxecto de subvención ou crédito a elaboración do correspondente instrumento de xestión forestal. Pasado dito período denegaráselle de oficio calquera incentivo en tanto non se doten de instrumento de xestión ou, no seu caso, e tal como se prevé no artigo 63.2, se inclúan en un PORF. Se durante este prazo se produce un cambio de propiedade, o prazo de 10 anos para o novo propietario comezará a contar dende o momento da transmisión”

Recentemente, a Lei de Montes de Galicia 7/2012 traslada os prazos establecidos na lei estatal e detalla o tipo instrumento de xestión, segundo a superficie e pro-



Os servizos técnicos do SLG asesorarán ás persoas propietarias e comunidades que queiran redactar o seu instrumento de ordenación. Na imaxe, curso do SLG sobre xestión forestal celebrado en Betanzos

piedade dos montes:

“4. Os montes públicos, os montes protectores e os de xestión pública deberán dotarse dun proxecto de ordenación, así como todos os montes de particulares superiores a 25 hectáreas en couto redondo para unha mesma propiedade. O prazo para dotarse do correspondente proxecto de ordenación non poderá superar o establecido na lexislación básica.

5. Os montes veciñais en man común cunha superficie superior ás 25 hectáreas deberán dotarse dun proxecto de ordenación ou, no caso de que a dita superficie sexa inferior ou igual ás 25 hectáreas, dun documento simple de xestión ou a través da súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos, segundo especies ou formacións forestais, previstos no artigo 76.3.

6. As agrupacións forestais formalmente constituídas e os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo superiores a 25 hectáreas en couto redondo deberán dotarse dun proxecto de ordenación ou, no caso de que a dita superficie sexa inferior ou igual ás 25 hectáreas en couto redondo, dun documento simple de xestión ou a

través da súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos, segundo especies ou formacións forestais, previstos no artigo 76.3.

7. Os propietarios de montes de particulares de superficie inferior ou igual ás 25 hectáreas en couto redondo para unha mesma propiedade deberán dotarse dun instrumento de xestión forestal ou planificar a xestión dos seus montes a través da súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos, segundo especies ou formacións forestais, previstos no artigo 76.3.”

Isto vén a dicir que tódolos montes e terreos forestais deberán ter redactado o instrumento de ordenación que lles corresponda ou, de ser o caso, estar acollidos aos modelos silvícolas orientativos:

► Antes do 23 de febreiro de 2014, para poder obter incentivos económicos (subvencións, créditos).

► Antes do 23 de febreiro de 2019, para poder ter autorización dos distintos aproveitamentos do monte.

Neste senso cabe destacar que na lei estatal se recollía que “corresponde ás comu-

nidades autónomas a aprobación das instrucións de ordenación e aproveitamento de montes”, xa que as vixentes ata o momento databan de principios da década dos 70.

A Lei de Montes de Galicia 7/2012, establece que:

“1. O Consello da Xunta, oído o Consello Forestal de Galicia, aprobará, mediante decreto, as instrucións xerais de ordenación de montes de Galicia, que poderán ser obxecto de desenvolvemento mediante resolución do órgano forestal.

2. As instrucións xerais conterán os principios reitores, os criterios e os requisitos que deberán cumprir todos os instrumentos de ordenación e de xestión dos montes situados na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco da xestión forestal sustentable.

3. A estrutura e os contidos mínimos dos instrumentos de ordenación e de xestión forestal axustaranse ás instrucións xerais de ordenación de montes de Galicia”.

A remate do ano 2013 o decreto polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación de montes de Galicia aínda están por publicar, polo que entendemos que o prazo para optar ós incentivos debería ser ampliado.

Por outra banda, no tocante ós aproveitamentos forestais, a Lei de montes de Galicia, establece que mentres os montes non dispoñan do instrumento de xestión ou ordenación forestal, deberán incluír un Plan de cortas, para os aproveitamentos madeiros ou Plan de aproveitamento silvopastoril para o aproveitamento de pastos, que ademais deberan inscribirse no Rexistro de Terreos Forestais de Pastoreo.

Listas de espera de até 3 anos para consultas xinecolóxicas en Vilalba

A Secretaría das Mulleres do SLG denunciou o desmantelamento dun servizo que afecta a toda a Terra Chá

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego denunciou o desmantelamento dos servizos de xinecoloxía no Punto de Atención Continuada (PAC) de Vilalba, que presta atención médica a

case todos os concellos da Terra Chá. Actualmente, no PAC de Vilalba está pechada a axenda para poder ter revisións xinecolóxicas dende principios de 2013 e, segundo informaron verbalmente res-

ponsables do centro, non se volverán dar citas até o ano 2015. Un suma e segue a outras denuncias por atrasos nas listas de espera neste PAC ao que cada vez se lle recortan máis recursos.

En efecto, as mulleres da Terra Chá están a ser privadas do servizo de xinecoloxía a través da Seguridade Social, xa que non poden pedir cita para consulta en Lugo porque se supón que xa teñen esa especialidade en Vilalba. Isto obrigará a aquelas chairegas que queiran acudir a unha consulta antes de 2015 a recorrer á sanidade privada.

Podemos ilustralo cun caso real, o dunha muller que fixo probas xinecolóxicas a mediados de 2012 e recolleu o resultado das mesmas a comezos de 2013. Esta paciente debería ter a revisión un ano ou ano e medio despois a máis tardar, é dicir, a finais de 2013 ou comezos de 2014. Sen embargo, no caso de Vilalba esa revisión non poderá ser até o ano 2015, case tres anos despois da proba inicial.

Todo isto foi corroborado, o 4 de novembro, nunha entrevista que un grupo de pa-

cientes afectadas mantiveron co xefe de servizo do PAC de Vilalba, Isidro Álvarez Chorén, quen confirmou que a axenda para citas xinecolóxicas en Vilalba está pechada para o 2014 e pendente de ser aberta para 2015. Chorén explicoulles que a solución a este problema non depende do centro de saúde de Vilalba, senón do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA).

Para a Secretaría das Mulleres do SLG, o que o SERGAS pretende disfrazar como unha mera cuestión administrativa e un tirapuxa sobre se as listas de espera duran máis ou menos, podería ser en realidade unha estratexia premeditada para desmantelar o servizo de xinecoloxía na Terra Chá e, en definitiva, facer un recorte máis na atención sanitaria ás persoas que vivimos no rural. Así o demostra o feito de que este é un problema de vello na Terra



O centro médico de Vilalba, como todos os do rural, está a sufrir as políticas de recortes que a Xunta está a facer no Servizo Galego de Saúde

Chá, onde o SLG xa ten denunciado a anulación de citas en outono de 2012 por falla de especialistas; atrasos de varios

meses nas revisións; ou listas de espera de un ano para ter cita en xinecoloxía que xa se denunciaron en 2008.

XXII Encontro de Mulleres de COAG

Unha comitiva de labregas representou á Secretaría das Mulleres do SLG no vixésimo segundo Encontro estatal de mulleres rurais da COAG, que se celebrou entre o 25 e o 26 de outubro no concello madrileño de Aranjuez. Con elas viaxou a coordinadora da Secretaría, María Ferreiro.

En total, reuníronse máis dun cento de labregas de todo o Estado para debater ao redor de cuestións como a innovación ou os modelos de produción alternativos na actividade agraria, amais de intercambiar experiencias profesionais.



Unha comitiva de labregas do SLG viaxou a Madrid en representación da Secretaría das Mulleres

Violencia machista: Máis de 600 mulleres asasinadas na última década

No 25 de novembro, o SLG denuncia as formas de maltrato específicas que padecen as labregas

Co gallo da celebración do Día Internacional de Loita contra a Violencia de Xénero, o 25 de novembro, a Secretaría das Mulleres do SLG denunciou as especificidades das labregas que sofren

algún tipo de maltrato, agora agravado por unhas políticas de recortes sociais que se ceban especialmente nelas. Un dato que confirma isto último é que, en toda Galiza, tan só 2 labregas se fixeron

cotitulares da explotación na que traballan, cando as estimacións apuntan a que no noso país hai 35.000 profesionais da agricultura que aínda non acadaron a titularidade compartida.

Nun comunicado emitido con motivo do 25 de novembro, o SLG sumábase á denuncia das 46 mulleres asasinadas en 2013 -con datos de finais de novembro- e ás máis de 600 vítimas rexistradas dende que, en 2003, comezaron a recompilarse datos estatísticos ao respecto.

Nese mesmo escrito, a Secretaría das Mulleres sinalaba que a falla de autonomía económica fai máis vulnerables a moitas mulleres diante de situacións de violencia, o cal se agrava no medio rural para as labregas. Respecto disto, o comunicado lembraba a importancia da Lei de Titularidade Compartida, cuxa promoción e aplicación por parte dos poderes públicos está a ser un completo fracaso.

Segundo os datos facilitados polo Ministerio de Medio Rural, en setembro de 2013, o número de solicitudes de titularidade compartida no conxunto do Estado foi de 52. Na Galiza, as solicitudes limitáronse a 2, cando se estima que hai 35.000 que poderían solicitarla. Diante disto, a Secretaría das Mulleres esixiu do Goberno “medidas, recursos e un serio compromiso cos dereitos das labregas, moitas das cales seguen a ser consideradas como simple axuda familiar e non como traballadoras en plenitude de dereitos”.

Nesta conxuntura de recortes, a Secretaría das Mulleres falou de feminización da pobreza: “Cando se eliminan recursos, estase a incrementar a

precariedade de vida das mulleres, como coa reforma da Lei de Pensións. As estatísticas reflicten que moitas labregas non cotizan ou que comezan a facelo a unha idade avanzada”.

Incidindo nisto último, a responsable da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego, María Ferreiro Santos, explicou que “o 80% dos homes xubiláanse coa pensión completa, porque se dan de alta dende o momento no que se fan cargo das explotacións, cando comezan sendo mozos. En cambio, as mulleres, que seguramente levan traballando na explotación dende o mesmo momento que os homes, só se dan de alta cando chegan aos 40 ou 45 anos. O resultado é que só o 5% das labregas da Galiza chegan á xubilación coa pensión completa”.

■ Acto institucional en Vilalba coa xuíza Estela San José

Neste 25 de novembro, a Secretaría das Mulleres do SLG organizou, en Vilalba, unha xornada de relatorios ao redor da violencia de xénero. Participaron a coordinadora da Secretaría das Mulleres, María Ferreiro Santos, que abundou sobre todas as cuestións específicas de desigualdade que padecen as labregas e como estas se poden agravar situacións de maltrato; e a xuíza Estela San José Asensio, que disertou sobre “A Violencia de xénero e a independencia da muller”.



De arriba a abaixo: participantes charlas informativas sobre titularidade compartida en Meira e en Vilalba; e participantes nos actos do 25 de novembro organizados polo SLG na capital chairega

TEIXEIRO: Cursos formativos do SLG sobre benestar animal e fitosanitarios

O local do SLG en Teixeira está preparando o inicio de dous cursos formativos febreiro e marzo de 2014. Un será sobre benestar animal e o outro sobre fitosanitarios, e ambos desenvolveranse en horario de tarde, de 15:30 a 18:30 horas e terán cadansúa proba de avaliación final. En principio, as clases serán nas instalacións da Cooperativa Cusoviam. Os afiliados e as afiliadas que teñan interese en participar nestes cursos, poden inscribirse ou solicitar máis información acudindo ao local do SLG en Teixeira ou chamando ao 981 789 781.

Axudas para a elaboración e comercialización e produtos vitícolas

Axudas a investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitícolas, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) para o ano 2014. Nesta orde establécense as bases das axudas para investimentos destinados á elaboración e á comercialización de produtos vitícolas, establecendo os diferentes investimentos subvencionables así como as persoas beneficiarias, que rexerán para a convocatoria do 2014 así como para os anos seguintes até o 2018.

Por outra banda, convócanse as axudas para o ano 2014, establecendo como data límite para a solicitude o **31 de xaneiro de 2014**. Establécese un prazo de dous meses máis, até o 31 de marzo, no caso de que o investimento inclúa a construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes, para presentar a preceptiva licenza de obras. Máis información na túa oficina do SLG.

Axudas para a promoción do sector vitivinícola en mercados terceiros

Axudas para a promoción do sector vitivinícola en mercados de terceiros países, establecendo as entidades beneficiarias así como os investimentos subvencionables, que rexerán para 2014 así como para os anos seguintes até o 2018. Na mesma orde convócase a axuda para o ano 2014. As axudas á comercialización están destinadas ás seguintes entidades:

- Empresas vinícolas.
- Órganos de xestión das denominacións de orixe.
- Organizacións de produtoras/es e interprofesionais.
- Asociacións exportadoras.

O prazo de solicitude remata o **31 de xaneiro de 2014**. Subvenciónanse gastos que se realicen entre o 15 de xuño de 2014 e o 15 de xuño de 2015. Máis información, no SLG.

Axudas á creación de microempresas de aproveitamentos forestais

Axudas para a creación e a mellora de microempresas de aproveitamentos forestais, parcialmente cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) para o ano 2014.

Poderán ser subvencionables os investimentos en operacións de aproveitamento dos produtos forestais (madeira, cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, biomasa e outros produtos forestais). Só serán subvencionables:

- a) Bens de equipamento e instalacións en empresas de recollida, manexo, acondicionamento e comercialización de produtos forestais non madeiros (cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, biomasa e outros produtos forestais). Nos produtos forestais alimentarios non se considerarán investimentos en acondicionamento.
- b) Maquinaria, apeiros e utensilios que permitan un aproveitamento comercial da biomasa forestal: asteladoras, fendedoras de leña, empacadoras, colleitadoras ou procesadoras de biomasa.
- c) Acondicionamento e instalacións en parques intermedios de rolla ou biomasa.
- d) Equipamentos de seguridade.
- e) Procesadoras, autocargadores, arrastradores forestais e outros equipos de

corta e/ou saca de madeira, así como as adaptacións e utensilios.

f) Equipos tractocargadores e os seus utensilios forestais (os tractores deberán ter cabinas adaptadas para o xiro do operario sentado, proteccións forestais en cabina, rodas e baixos, e irán dotados de guindastre, cabrestante e remolque forestal de tracción. Estas adaptacións esixiranse tamén aos tractores orientados á recollida de biomasa, limitándose o importe da máquina tractora ao 60 % do valor do equipo).

g) Rozadoras, en número non superior ao dos equipamentos de saca de madeira ou biomasa da empresa.

h) Góndolas, plataformas para o transporte da madeira ou biomasa, e guindastres que se instalen nelas. O número de plataformas e guindastres limitarase ao número de equipamentos de saca (tractocargadores ou autocargadores) da empresa. Non se subvencionará máis dunha góndola por empresa.

i) Instrumentos de medición de masas forestais, en número non superior á maquinaria de saca de madeira ou de biomasa.

k) Equipos informáticos ata un máximo subvencionable de 2.000 euros por empresa, descontando as axudas percibidas anteriormente por este concepto.

O prazo para a presentación de axudas para o ano 2014 é de un mes dende a súa publicación e rematará o venres **24 de xaneiro de 2014**.

O SLG asesora sobre os instrumentos de ordenación de montes obrigatorios a partir de 2014

A lexislación sobre montes obriga a ter redactado un instrumento de ordenación. Neste 2014, comezarán a aplicarse os prazos de execución. En concreto, os proxectos ou documentos deberán estar redactados antes do 23 de febreiro de 2014 se queren poder optar a incentivos económicos como subvencións ou créditos, e antes do 23 de febreiro de 2019 se queren obter autorización dos distintos aproveitamentos do monte. Para obter máis información, podes consultar a páxina 27 deste Fouce.

No Sindicato Labrego contamos con persoal técnico para o asesoramento e a elaboración dos distintos proxectos de planificación de montes, polo que estamos á vosa disposición para facelo. Para consultar os casos particulares, podedes acudir á oficina do SLG na vosa comarca, onde poderedes obter toda a información que precisades.

Axudas ao aluguer de vivendas

Axudas a persoas inquilinas de vivendas arrendadas no marco do Programa Aluga para o exercicio 2014.

Este é un programa que se desenvolverá ao logo dos anos 2014 e 2015, recolléndose na convocatoria unha


contía mensual para as novas solicitudes de axuda ou para as renovacións de contratos que se vaian producindo. Deste xeito, os prazos de presentación son

antes do día 10 do mes en que se asine inicialmente o contrato conforme ao Programa Aluga, ou antes do día 15 do segundo mes anterior ao vencemento da vi-

xencia do contrato anterior ou de calquera das súas prórrogas.

O criterio económico para acceder a estas axudas é non superar os ingresos anuais

ponderados en 3,5 veces o IPREM. Os requisitos que deben cumprir as persoas beneficiarias están recollidos no Decreto 84/2010 (artigo 43). Se precisas máis información, podes acudir á túa oficina do SLG.



**TELÉFONO DE
EMERXENCIA PARA
CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA MULLERES**



016

**Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.**

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense

-Vacas de leite, xovencas e beceras pequenas por xubilación. Boa xenética. Control leiteiro. Na zona de Lugo.
Chamar ao mediodía ao número de teléfono 982 160 949

Véndense

-Picador Strautmann.
-Tractor Barreiros 70-70
-Ringleirador Inmalaroca de 9 brazos (2 campañas).
Todo en moi bo estado.
Chamar aos números de teléfono 690 774 565 e 982 160 116

Véndense

-30 rolos de silo e 20 de herba seca.
-Xato Limousin de 9 meses.
Na zona de Lugo
Chamar ao 649 147 614

Véndese

-Herba en rolos na zona de Friol.
Chamar ao 617 564 440

Véndense

-Xovencas frisoas.
Chamar ao 639 503 210

Véndese

-Becerro de raza Frisoa con moi boa xenética e 2 anos de idade. Na zona de Cabanas (A Coruña).
Chamar ao 981 446 501

Véndense

-Rotoempacadora JOHN DEERE 570.
-Todoterreo MITSUBISHI 2500.
Chamar ao 609 311 416

Véndense

-Becerras e becerras rubios para recría. No Covelo (Pontevedra).
Chamar ao 626 442 294

Véndense

-Rolos de herba seca.
Chamar ao 662 046 862

Véndense

-Tractor EBRO 470, con dirección hidráulica, dobre embrague e cabina con porta.
Chamar ao 650 019 275

Véndense

-Carretilla elevadora TOYOTA mod. 2.500 Kg.
-Pincho para rulos.
Chamar ao 650 019 275

Véndense

-Xatas frisoas. En Portomarín.
Chamar aos números de teléfono 982 034 032 e 697 422 304

Véndense

-Xovencas de raza Frisoa.
Chamar ao seguinte número de teléfono: 639 626 891

Véndese ou alúgase

-Propiedade en Trascastro (concello de Castroverde, Lugo) con 26 hectáreas de superficie e con auga propia na maioría das parcelas, o que dá a posibilidade de ter as vacas fóra. Inclúe 2 casas, unha delas nova (Pataqueiro nº 4), eira de mallar con varios alpendres e tractor semínovo con varios apeiros.
Chamar ao 982 312 386

Véndese

-Sala de muxido de 6 puntos marca Gascoine. Trifásica con lavadora automática
-Tanque de frío de 1.000 litros marca Portinos.
Preguntar por Moisés no teléfono 690 679 482, a partir das 8 da tarde.

Véndese

-Leña para cociña, calefacción, cheminea, churrasqueira e panadaría. Servizo a domicilio. Boa relación de calidade, cantidade e prezo.
Chamar aos números de teléfono 619 506 171 e 648 714 898

Véndese

-Segadora BCS 404, de 4 discos.
-Segadora CAMON BCS, como nova.
-Fresadora AGRATOR 1,60.
-Grade de discos de 16, en mal estado.
Chamar ao 656 349 743

Véndese

-Arado subsolador Yimpa
-Caldeira de calefacción a gasóleo marca Ferroli
-Tractor Massey Ferguson 165
Chamar ao 696 004 515

Véndense

-Ovellas de raza galega. Novas e preñadas. Por sobrecarga gandeira.
Chamar aos números de teléfono 685 472 860 e 653 687 921

Véndese

-Tractor Case Internacional 744 (75 CV) dobre tracción. En bo estado. Prezo: 6.500 €. Na zona de Compos-tela.
Preguntar por Xosé no número de teléfono 616 635 941

Véndense

-Desensiladora marca BVL, dobre coitela. Recén reparada.
-Tractor Barreiros antigo de 52 cabalos en moi bo uso.
-Coche Citroen BX-19
Zona de Friol (Lugo)
Chamar aos números de teléfono 982 183 019 e 628 785 466

Véndese

-Tractor NEW HOLLAND TS100, de 100 CV, motor de 4 cilindros con turbo, cambio de 16 velocidades baixo carga, inversor electrohidráulico, cabina en bo estado con asento pneumático, base xiratoria e aire acondicionado. En bo estado e moi manexable. En Cesuras (A Coruña).
Chamar ao 650 158 948

Véndese

-Tractor EBRO 684. En bo estado: distribuidor hidráulico con múltiples funcións, ITV e documentación ao día. Regálanse 4 rodas dianteiras. Cabrestante dianteiro mecánico con moita forza. Prezo: 4.900 €. En Cesuras (A Coruña).
Chamar ao 648 583 470

Véndense

-Vacas de leite e xovencas por peche de explotación. En Enveande, San Fiz (Monfero, A Coruña).
Chamar ao 981 788 216

Véndense

-Invernadoiro multicanal de 900 metros na zona de Silleda.
-Pedra rosada en pequena cantidade.
Preguntar por Lourdes no teléfono 659 256 190

Véndense

-Uva Mencia con D.O. Ribeira Sacra.
-Xatas frisoas.
En Portomarín (Lugo).
Chamar aos números de teléfono 982 034 032 e 697 422 304

Véndese

-Camión IVECO para transporte de animais vivos. En perfecto estado. Ano 1995. Con porta traseira eléctrica e cable de carga con mando a distancia. Caixa de aluminio. Por xubilación. Zona de Ordes (A Coruña).
Chamar ao 629 640 690

Véndense

-Cachorros de mastín pura raza.
-Volkswagen Golf serie 2 GTD Diesel en bo estado e con enganche de remolque.
Chamar ao 626 194 490

Véndese

-Arado de discos de 3 regos.
Chamar ao 605 870 030

Véndense

-Postes de formigón de 1,75 para cercas con arame.
-Sulfatadora ANFER de 400 litros.
Chamar ao número de teléfono 636 269 472

Véndese

-Tractor EBRO 160. Dobre embrague. Perfecto estado con ITV ao día. Prezo 2.500 €.
Preguntar por Xabier no número de teléfono 696 647 118

Véndese

-Cabalo galego de monte capado, de 6 anos de idade. Moi barato. Na zona do Courel.
Chamar ao 617 211 528

Véndese

-Autocargador picador PÖTTINGER Boss II, de maio de 2006. Moi bo estado. En Láncara (Lugo).
Preguntar por Miguel no número de teléfono 606 508 189

Véndense

-Cachorros de mastín. No concello de Friol (Lugo).
Chamar ao 630 561 310

Véndense

-Subsolador de patacas de 2 regos, marca GRIMME.
-Arado de dúas pas marca ATH-14.2/98
-Repardidor de abono marca CIMA con muíño horizontal.
Chamar aos números de teléfono 696 712 367 e 606 747 512

Véndense

-Eguas de pura raza española. Na zona de Muras.
Preguntar por Carlos no número de teléfono 600 425 038

Véndese

-Circuíto de muxido de 2 puntos, marca MIELE.
Chamar ao 620 338 362

Véndense

-Arrincadora de patacas marca GRIMME, con moega (tolva) alta e dirección.
-Motores de regadío con potencias de 14 e 19 CV.
Chamar ao 988 462 783

Véndense

-Autocargador e aboadora.
Chamar ao 981 793 343

Véndense

-Arrincadora de patacas marca GRIMME con moega ("tolva") alta. Económica.
-Rotovator marca AGRIC de 2'30 metros de corte.
-Volkswagen Golf GTD Serie 3. Cor branca. 3 portas. En bo estado
Chamar ao 620 348 678

Véndese

-Viño branco do Rosal, con variedades Albariño, Loureira e Caiño Branco. Colleita 2012.
-Augardente branca e de herbas, e licor café.
Chamar ao 678 085 696

Véndese

-Malladora Campeba. Serve para limpar todos os cereais. En Beseño (Touro).
Chamar ao 981 191 327

Véndense

-Máquinas de limpar.
-Muíño de tractor.
-Muíño de corrente.
-Arado gravante. No Corgo (Lugo).
Chamar ao 648 718 864

Véndense

-4 xovencas frisoas preñadas en Friol (Lugo).
Chamar ao 673 012 807

Véndense

-Años que pacen.
Na zona de Betanzos (A Coruña)
Chamar ao 670 895 789

Véndense

-2 vacas rubias.
Chamar ao 689 752 400

Véndese e transportase

-Palla, alfalfa e forraxe de avea.
Chamar ao 689 008 183

Véndese

-Tractor New Holland TNF 75
Chamar ao 629 829 945

Véndese

-Remolque para motocultor. En bo estado.
Chamar ao 625 214 152

Véndense ou alúganse

-Invernadoiros. Un de 800 m² e o outro de 2.200 m²
Chamar ao 690 299 770

Véndense

-Grellas de fundición 0.90 x 0.80. En perfecto estado. Zona Compostela.
Chamar ao 690 064 010

COMPRAS E OUTROS

Mércase

-Encintadora que poña os rolos de punta.
Chamar ao 676 168 523

Alúgase

-Finca de 30 hectáreas no concello de Oza dos Rios, parroquia de Rodeiro, no lugar de A Naveira.
Chamar ao 625 767 300

OFERTA E DEMANDA EMPREGO

Ofrécese

-Persoa con experiencia para traballar en explotacións da comarca do Deza.
Preguntar por Luís no 645 448 300

Búscase

-Persoa para explotación agraria. Imprescindible carné de conducir e experiencia con maquinaria. Na zona de Teixeiro.
Chamar ao 653 781 267

Ofrécese

-Traballador para explotación agraria. Persoa seria e responsable. Dispoñibilidade total de horario e desprazamento. Para Cesuras e concellos da zona.
Chamar ao 676 960

Busco traballo

-como peón agrícola para explotacións no concello de Ordes e arredores. Dispoño de tódolos carnés de conducir necesarios.
Preguntar por Xosé Antonio no teléfono 646 409 353

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Belén Fervenza, labrega integrante da Rede Galega de Sementes

Dende que se creou, a Rede Galega de Sementes afianzou un movemento de recuperación e intercambio de variedades autóctonas que, amais de resucitar o noso patrimonio hortícola e froiteiro, é un auténtico xeito de “desobediencia civil” diante de leis que pretenden servir en bandexa este tesouro ás industrias. Así o mantén Belén Fervenza, unha labrega de Redondela que, ademais de ser vicerresponsable da Dirección de Horta, Froita e Flor do SLG, forma parte deste movemento “que se está a espallar coa mesma facilidade que o fan as sementes”.

“Cando intercambiamos sementes, facemos un acto de desobediencia civil”

■ Como xurdiu a idea de crear a Rede Galega de Sementes?

Tras coñecer a Rede de Sementes estatal nunha edición de Biocultura, en Zamora, trouxemos a idea de facer algo semellante na Galiza. Isto concretouse nunha primeira xuntanza en Cangas, onde invitamos a participar a persoas e colectivos, obtendo unha resposta increíble.

A partir de aí, comezamos a traballar e organizamos o primeiro Encontro da Rede Galega de Sementes, que foi en Redondela, en outubro de 2010. Foi desbordante: intercambiáronse moitísimas sementes e veu unha grande cantidade de xente, mesmo de bisbarras moi afastadas, como A Mariña.

■ En que consiste a actividade da Rede Galega de Sementes?

Somos unha rede autoxestionada que promove o intercambio de sementes -non se mercan nin se venden-, e a formación para facelo.

Tiñamos claro que queriamos traballar coas variedades locais de sementes e facer un proceso de busca para recuperalas. Pero unha das necesidades máis urxentes que vimos foi recuperar a cultura de saber recoller as sementes. Moita xente que acode aos encontros non trae as sementes en boas condicións, polo que pensamos que iso había que melloralo. A raíz disto, acudimos a un obradoiro de sementes en Portugal, onde aprendemos como recollelas, como conservar determinadas variedades, etcétera.

Tras catro anos de facer isto, agora toca facer un traballo interno para mellorar os procesos de selección, de recollida de información e, pouco a pouco, darnos a coñecer. Tamén queremos avanzar na conservación e custodia das sementes.

■ Canta xente involucra a Rede Galega de Sementes?

A nivel interno, somos unha dúcia de persoas que traballamos de xeito activo e constante para organizar os encontros, para formármonos, recompilar información, etc. En canto á xente que participa nos encontros e intercambia sementes é moitísima máis. Mesmo se están a crear grupos locais para facer encontros de intercambio en diversas comarcas, como en Poio ou Betanzos. Hai labregos e labregas, asociacións de consumo, xente que se preocupa por cultivar os seus alimentos... Somos un grupo moi heteroxéneo, e por iso chegamos a unha base social moi ampla.

■ Consideras que o patrimonio das sementes tradicionais está en perigo de extinción?

Penso que si. Vive en perigo de extinción e en perigo de intereses. Houbo unha perda de biodiversidade tremenda en todo o agro. As variedades hortícolas aínda se conservan, pero en froiteiras está habendo unha grande perda. Está en perigo de extinción toda a cultura labrega que existe en torno ás sementes. Por iso era urxente facer algo como a Rede.

■ Cantos tipos de sementedes catalogadas?

O certo é que eu non son a que levo o ficheiro de entradas e descoñezo a cifra exacta, pero son moitas. Como exemplo, só no último encontro existíramos máis de 200 variedades que non tiñamos clasificadas. E cada vez máis.

■ Tivestes algún tipo de atranco burocrático ou legal para desenvolver o voso labor de conservación e intercambio de sementes?

Nesta cuestión vivimos nunha especie de limbo legal e, polo de agora, non tivemos ningún problema. Hai unha lexislación que nos prohibiría agora mesmo trocar sementes, pero ninguén nos dixo nada.

■ Ao fío disto, que opinas do novo regulamento de sementes da Unión Europea? Pensas que pode interferir no labor da Rede?

A nosa principal reivindicación é que as sementes sigan en mans dos labregos e das labregas, e fagan o que fagan para prohibilo en Bruxelas, nós imos seguir traballando na mesma liña. En principio, o novo regulamento permítenos trocar e vender sementes. Pero até aí o bo. En realidade, a nova lexislación facilita que as empresas do sector poidan entrar tamén aí, pois nós para elas somos un nicho de mercado sen explotar. Seguimos sen ter a seguridade de que as sementes labregas non vaian rematar en mans das empresas privadas, polo que imos seguir loitando. Ao final é o de sempre, os distintos gobernos, sexa na UE ou aquí, fan políticas para favorecer que as empresas se fagan con control da alimentación. Contra iso, a nosa idea é de resistencia e de xerar cultura sobre as sementes, de facer saber á xente que cando intercambia e traballa con sementes labregas está a facer un acto de desobediencia civil.

